



**AGG**  
**RELA**

**Revista  
Anual  
2025**

+ Guía de empresas 2026

# Asociación de empresarios de Agrela

📞 981 250 937

✉️ [asociacion@agrela.com](mailto:asociacion@agrela.com)

🌐 [agrela.com](http://agrela.com)

📍 Copérnico 3, 1º 15008.  
Parque Empresarial de Agrela





Elabora:

Actividade subvencionada pola  
Deputación da Coruña:



IKEA

IKEA  
Muebles y decoración





# 01

## Saúda

- Saúda da presidenta

Pág 6



# 02

## Órganos de dirección

- Asemblea Xeral & Comisión Xestora
- Xunta Directiva

Pág 8



# 03

## Agrela comunidade

- Xestión de incidencias na vía pública

Pág 14



# 04

## Agrela coas Administracións

- Concello da Coruña
- Deputación da Coruña
- Xunta de Galicia
- Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible
- Delegación e Subdelegación do Gobierno

Pág 24



# 05

## Parque Empresarial de Calidade

- Marca de calidade
- Servizo de vixilancia privada

Pág 72



# 06

## Agrela no día a día

- Agrela sinerxías
- Agrela polo emprego
- Desayunos en Agrela
- Agrela recibe
- Agrela asiste
- Agrela solidaria
- Nadal en Agrela

Pág 78



# 07

## Guía de empresas

- Guía de empresas asociadas

Pág 122



# 01

Saúda da  
presidenta

# Agrela é unha comunidade viva, valente e comprometida

## Estimados/as amigos/as:

Cada ano que deixamos atrás é unha nova páxina escrita entre todos, e hoxe quero falarvos dende o agradecemento e a admiración profunda polo que xuntos conseguimos neste 2025.

Foi un ano de esforzo, si, pero tamén de grandes avances, de aprendizaxes e de momentos nos que, unha vez máis, Agrela demostrou que é moito máis que un Parque Empresarial: é unha comunidade viva, comprometida e valente. A vosa dedicación diaria e constante é o que fai posible que sigamos medrando, superando retos e mirando ao futuro con esperanza.

Dende que teño o privilexio de presidir esta Asociación, non deixei de sentir orgullo polo que somos capaces de construír cando traballamos en equipo. Cada paso dado, cada pequeno logro, ten detrás a persoas que cren neste proxecto común. E esa é, sen dúbida, a nosa maior fortaleza.

Un dos fitos que nos encheu de orgullo este ano

foi a renovación da certificación como Polígono Empresarial de Calidade. Este recoñecemento non é só unha distinción técnica: é unha mostra máis do valor do traballo ben feito e da responsabilidade compartida. Aínda que sabemos que aínda hai moitos desafíos por diante, tamén é importante poñer en valor todo o que conseguimos xuntos.

Miramos ao futuro con ilusión e coa certeza de que aínda queda moito por acadar. As oportunidades están aí, e estou convencida de que, co voso talento e compromiso, continuaremos impulsando un contorno empresarial máis forte, dinámico e sostible.

Con toda a miña gratitude, animovos a seguir camiñando xuntos, coa mesma forza, a mesma ilusión e o mesmo corazón.

**M<sup>a</sup> Begoña López Martínez**  
Presidenta da Asociación de Empresarios de Agrela



**Grazas, de corazón  
¡Por ser parte esencial  
desta viaxe!**



# 02

Órganos de dirección

## Organizarse para medrar: o corazón e o motor de Agrela

### Asemblea Xeral & Comisión Xestora

O modelo organizativo da nosa Asociación baséase en dous piares fundamentais: a participación colectiva e unha xestión eficaz.

Por un lado, a Asemblea Xeral representa o núcleo decisorio da Asociación. Composta pola totalidade das persoas socias, é o espazo onde se define o rumbo que desexamos tomar como colectivo. Nela, cada membro ten a oportunidade de intervir e votar, garantindo así un proceso verdadeiramente democrático, transparente e representativo.

Xunto a este órgano de participación, atópase a Comisión Xestora, que asume funcións de goberno e administración unicamente en situacións específicas recollidas nos nosos estatutos. A súa misión é clara: asegurar o bo funcionamento da Asociación no día a día e dar continuidade ás decisións estratéxicas adoptadas.

Este sistema dual permítenos equilibrar a toma de decisións entre a vontade das persoas asociadas e a eficacia operativa necesaria para avanzar.

A continuación, preséntanse as persoas integrantes actuais da Comisión Xestora:

- Don Javier Antonio Vázquez Sánchez **ABN Pipe**
- Don Francisco Caridad Caridad **Explotación de Inmobles e Alugueres**
- Don Manuel Lago Cartelle **Talleres Becar**
- Don José Antonio López López **Mudanzas Hércules**

## Asemblea Xeral Ordinaria Exercicio 2025

O 29 de maio, a Asociación celebrou a súa Asemblea Xeral Ordinaria, unha xornada marcada pola participación, a toma de decisións clave e o impulso colectivo para seguir construíndo o presente e o futuro da nosa Asociación.

Durante a sesión, a presidenta presentou un balance completo de xestión, a Memoria de Actividades, o peche contable do exercicio 2024 e o orzamento proxectado para 2025. Todos os puntos da orde do día foron aprobados por unanimidade, reflexo do respaldo e da confianza no traballo realizado polo equipo directivo.

Un dos momentos máis significativos do encontro foi cando, con emoción e gratitude, se despediu a Eva Brea (Funeraria Génesis), quen concluíu o seu segundo e último mandato, e a José Manuel Carnota (D.M.

Ingeniería), que finalizou o seu primeiro período sen optar á renovación. A súa entrega e compromiso foron recoñecidos con agarimo por todas as persoas asistentes.

Á súa vez, deuse a benvinda a dúas novas incorporacións: Andrea Guiotto (Farmacia Agrela) e Cristina Liñares (Centauto). Ambas chegan con entusiasmo e novas ideas que sen dúbida enriquecerán a dinámica do equipo e o rumbo da Asociación. Tamén se ratificou a continuidade de Jorge Gómez (Cafés Siboney), quen iniciará o seu segundo e último mandato de catro anos.

### Unha boa ocasión para o networking entre empresas

A Asemblea non é só un exercicio formal, senón unha demostración de que a forza desta Asociación reside nas súas persoas. Este espazo de networking permite fortalecer os lazos entre asociadas e asociados, compartir experiencias nun ambiente relaxado e seguir estreitando a colaboración que nos fai medrar como colectivo.



# Novas etapas, mesmo compromiso

Cada despedida, renovación e benvida marca unha nova etapa na Xunta Directiva. Agradecemos profundamente o traballo realizado por quen conclúe a súa labor, valoramos a confianza renovada en quen continúa e celebramos a chegada de novos membros que reforzan a nosa visión e obxectivos comúns.

## Agradecementos

### **Eva Brea Mouriño:**

Tras oito anos formando parte da Xunta Directiva, chegou o momento de agradecer profundamente o labor de Eva Brea. O seu paso pola Asociación estivo marcado pola proximidade, a entrega e un compromiso constante que deixou pegada non só na estrutura organizativa, senón no corazón de quen compartiu equipo con ela. Sempre disposta a colaborar, tender a man e sumar con sensatez e empatía, a súa contribución foi tan valiosa como discreta, tan firme como xenerosa.

A súa despedida da Xunta Directiva non marca un final, senón a celebración dun percorrido exemplar, construído con vocación, respecto e unha profunda implicación. A Asociación só pode expresar gratitude por tantos anos de dedicación e desexar que esta nova etapa chegue cargada da mesma ilusión de sempre.

### **Jose Manuel Carnota:**

Coa finalización do seu primeiro mandato, a Xunta Directiva desexa expresar o seu máis sincero recoñecemento e gratitude a José Manuel Carnota, quen, por motivos profesionais, non puido renovar o seu cargo como membro deste órgano. A súa marcha marca o peche dunha etapa caracterizada por unha xestión exemplar, un compromiso constante e unha calidade humana que deixou unha fonda pegada en todos.

Máis alá do seu impecable desempeño profesional, o que realmente o distinguiu foi o seu trato próximo e a súa disposición constante ao diálogo construtivo. A Xunta Directiva e o persoal da Asociación deséxanlle o maior dos éxitos nos seus futuros proxectos profesionais e persoais, coa esperanza de que os camiños volvan cruzarse máis adiante.





## Xunta Directiva

A Xunta Directiva da nosa Asociación é o órgano fundamental encargado da dirección, o goberno e a administración das nosas actividades e proxectos. Ao longo dos anos, foi clave para o cumprimento da nosa misión e obxectivos.

Desde a súa fundación en 1973, estivo guiada polo liderado de 14 persoas, cada unha contribuíndo de maneira significativa ao desenvolvemento e consolidación da Asociación.

Nos últimos anos vivimos unha evolución destacable na estrutura de liderado, que reflicte o noso compromiso coa equidade e a diversidade.

Por primeira vez na nosa historia, as dúas últimas presidencias estiveron a cargo de mulleres, marcando un fito que reafirma o noso impulso cara a unha representación máis inclusiva nos espazos de toma de decisións. Este cambio non só simboliza unha transformación na nosa cultura organizativa, senón que tamén fortalece a nosa visión de futuro.

Presentamos o novo organigrama da Xunta Directiva, resultado dun proceso de renovación que equilibra continuidade e novas incorporacións.

Un equipo diverso, comprometido e preparado para afrontar os desafíos desta etapa con ilusión, responsabilidade e espírito colaborativo.

## Organigrama: Xunta Directiva de Agrela



**Mª Begoña López**  
Presidenta

Talleres Hércules  
de Maquinaria



**Joan Vidal**  
Vicepresidente

Escuela Infantil  
Trastes Agrela



**Isabel Moure**  
Secretaria

Aluminios Castro



**Andrea Guiotto**  
Tesoureiro

Farmacia Agrela



**Baltasar López**  
Vogal

Cash IFA-GADISA



**Jorge Gómez**  
Vogal

Cafés Siboney



**José Fresco**  
Vogal

La Fuga Cycling



**Purificación Berdejo**  
Vogal

C.C Marineda City



**Cristina Liñares**  
Vogal

Centauto



# 03

Agrela  
comunidade

## O que creamos xuntos transforma o mañá


Detrás de cada rúa en bo estado, cada zona coidada e cada servizo que funciona, hai un propósito común: construír un espazo onde traballar sexa tamén gozar do contorno. Na nosa Asociación, cremos que un Parque Empresarial non é só un conxunto de oficinas e naves, senón un lugar vivo, en constante movemento, onde cada mellora conta.

Máis alá da infraestrutura, ocupámonos do cotián: o que moitas veces non se ve, pero se sente. Resolver unha incidencia, manter unha beirarrúa en bo estado, mellorar un acceso ou implementar un novo servizo son xestos que transforman o día a día.

Non o facemos sós. As empresas, traballadores/as e usuarios/as son a nosa enerxía. Grazas á súa implicación podemos actuar con rapidez e eficacia.

O noso compromiso é claro: coidar este espazo compartido para que evolucione con sentido, equilibrio e mirada humana.

Porque un Parque Empresarial tamén pode ser un barrio onde se respire orde, comodidade e calidade de vida.



# 1.613

**Interlocucións coas  
Administracións:**  
Xestión e resolución  
de incidencias.



# 347

**Intervencións de seguridade:**  
Servizo de vixilancia  
e protección da área.



# 255

**Impulsos dixitais:**  
Xestión de web, directorio  
e redes sociais.



# 163

**Servizos de formación:**  
Aluguer de aulas e programas  
formativos.



# 110

**Xestións de negocio:**  
Convenios, licencias, taxas  
e subvencións.



# 95

**Melloras do entorno:**  
Limpeza, mantemento  
e residuos.



# 71

**Oportunidades laborais:**  
Xestións coa bolsa de emprego.



# 68

**Solucións de mobilidade:**  
Xestións de reservas  
e accesibilidade



Agrela comunidade:

Exemplos de incidencias detectadas pola Asociación ou as empresas de Agrela:

### Rehabilitación de espazos



Antes



Despois

Antiga escaleira en desuso en Galileo Galilei

### Rehabilitación de macizo e retirada de caixa de telecomunicacións



Antes



Despois

Gutenberg



Agrela comunidade:

Exemplos de incidencias detectadas pola Asociación ou as empresas de Agrela:

### Reparación de beirarrúa




Antes




Despois

Copérnico

### Mellora da visibilidade peonil eliminando puntos críticos



Antes



Despois


Avda. Fisterra




Agrela comunidade:

Exemplos de incidencias detectadas pola Asociación ou as empresas de Agrela:

### Recolocación de espello



Antes




Despois

Avda. Fisterra

### Recolocación de sinal



Antes



Despois

Severo Ochoa



Agrela comunidade:

Exemplos de incidencias detectadas pola Asociación ou as empresas de Agrela:

### Substitución de arqueta



Antes



Despois

Gutenberg

### Substitución de arqueta



Antes



Despois

Glorieta Eduardo Diz



Agrela comunidade:

Exemplos de incidencias detectadas pola Asociación ou as empresas de Agrela:

Retirada de herbas



Antes



Despois

Severo Ochoa

Retirada de herbas



Antes



Despois

Newton



Agrela comunidade:

Exemplos de incidencias detectadas pola Asociación ou as empresas de Agrela:

Retirada de herbas



Antes




Despois

Copérnico

Retirada de herbas



Antes



Despois

Ctra. Baños de Arteixo



Agrela  
comunidade:


Exemplos de incidencias detectadas pola Asociación  
ou as empresas de Agrela:

### ■ Recollida e limpeza de enseres



Camiño O bosque

### ■ Retirada de enseres



Gutenberg

## Apagón - 28 de abril 2025

O apagón que tivo lugar o pasado 28 de abril e que afectou durante horas a numerosas cidades de España puxo a proba a capacidade de resposta de moitas organizacións. Neste escenario, a nosa Asociación demostrou unha rápida adaptación e un firme compromiso coas empresas do Parque Empresarial

Durante a interrupción da subministración eléctrica, ademais das tarefas de vixilancia, a Asociación coordinou distintas actuacións para dar resposta ás necesidades máis urxentes. Entre elas, a xestión e procura de solucións para garantir a subministración de gasóleo, co obxectivo de evitar a paralización da actividade daquelas empresas que dependían deste recurso

Paralelamente, o equipo de vixilancia desempeñou un papel fundamental mentres non se restable-

ceu a subministración eléctrica. Grazas á implicación conxunta e á colaboración constante entre a Asociación e as empresas, logrouse manter a actividade na medida do posible e minimizar o impacto da situación.

Este acontecemento pon de relevo a importancia de contar cunha organización áxil, próxima e comprometida, capaz de actuar con eficacia ante situacións excepcionais e de apoiar o tecido empresarial en momentos críticos. Así mesmo, queremos agradecer o esforzo de todas as persoas implicadas, especialmente ao equipo de vixilancia pola súa dedicación e profesionalidade, así como a colaboración das empresas asociadas, clave para afrontar e superar conxuntamente este desafío.





# 04

Agrela coas  
Administracións

## Alianzas que transforman Agrela

Cremos na forza de traballar xuntos. Cando o sector público e o privado suman esforzos, o potencial do noso traballo multiplícase: melloramos as infraestruturas, reforzamos a seguridade, optimizamos os servizos e abrimos a porta a novas oportunidades que impulsan a competitividade e o benestar.

Na Asociación somos a ponte que conecta ideas, proxectos e vontades. Creamos espazos de diálogo onde empresas e Administracións Públicas atopan solucións que xeran emprego, atraen investimentos e fan medrar a nosa economía de maneira sostible, pensan-

do nas persoas e no futuro que queremos construír. escoitar é o noso primeiro paso: recolleemos as inquedanzas e aspiracións das nosas empresas asociadas para transformalas en propostas que marquen a diferenza. Representamos os seus intereses con firmeza e aseguramos que a voz de cada empresario e empresaria sexa parte das decisións que definen o rumbo do noso territorio.

Porque cando traballamos unidos, non só desenvolvemos un lugar... creamos un entorno vivo, próspero e cheo de posibilidades para todos.



# Concello da Coruña



Concello da Coruña

## Impulsando un Parque eficiente, seguro e sostible

A alianza estratéxica entre a Asociación e o Concello da Coruña consolida o Parque Empresarial como o principal motor económico da cidade a través dunha xestión compartida en cinco áreas clave:

- **Infraestruturas:** Renovación e mantemento dos viais, accesos e espazos públicos para garantir a operatividade das empresas e mellorar a calidade dos servizos urbanos básicos.
- **Mobilidade:** Transformación da contorna cara a un modelo máis humano e accesible, fomentando o transporte público, a mobilidade activa e a ordeación do tráfico para facilitar os desprazamentos diarios.
- **Medio ambiente:** Impulso de políticas de desenvolvemento responsable que buscan a rexeneración de espazos verdes, a sostibilidade e a creación dunha contorna industrial máis saudable.
- **Seguridade Cidadá:** Coordinación estratéxica e vixilancia preventiva para garantir que o Parque sexa un espazo protexido e fiable, reforzando a tranquilidade de traballadores, clientes e visitantes.
- **Urbanismo:** Impulso á modificación do Plan Xeral para adaptar a normativa ás necesidades actuais, facilitando a apertura de novos viais e conexións estratéxicas que permitan a expansión do Parque.

- **Promoción Económica:** Execución de campañas e programas de dinamización comercial que fortalecen a competitividade do tecido empresarial, fomentando as sinerxías locais e a visibilidade da oferta do Parque.

Esta cooperación público-privada reafirma o éxito dun modelo de xestión deseñado para superar os retos do futuro e mellorar a calidade de vida na nosa contorna empresarial.



## → Área de Infraestruturas

A alianza entre a Asociación e o Concello impulsou unha transformación clave no noso Parque Empresarial. Esta colaboración continua permitiu executar un plan de melloras esenciais que responden ás necesidades actuais de mobilidade, seguridade e operatividade, consolidando Agrela como un motor económico máis eficiente e accesible para todos.

Entre as actuacións máis relevantes destacan as novas obras de asfaltado e a apertura dunha nova rotonda na Avda. Fisterra, medidas que optimizaron significativamente a fluidez do tráfico e a calidade dos


viais. Ademais, deuse resposta á demanda de espazo coa creación de novas prazas de aparcadoiro e a elevación do paso peonil na rúa Galileo Galilei, mellorando a loxística diaria de traballadores e visitantes nas zonas de maior actividade comercial e industrial.

Este conxunto de obras non só renova a imaxe do Parque Empresarial, senón que reafirma o éxito da cooperación público-privada para garantir que Agrela siga a ser un espazo competitivo, seguro e adaptado aos retos do futuro.



**Revitalización dos espazos comúns de Agrela**

Avda. Fisterra



Avda. Fisterra



Antes



Despois

Nova rotonda rematada

## ■ Humanización incluída nas obras da rotonda



Avda. Fisterra



Gutenberg

## Na memoria:

O Concello da Coruña rendeulle homenaxe a José Antonio López e Pilar Castro coa colocación dunha placa conmemorativa no cruzamento da Avda. Fisterra coa rúa Gutenberg, xusto no punto onde perderon traxicamente a vida na Noiteboa de 2020. Con este xesto, búscase transformar o lugar do sinistro nun espazo de recordo e nun símbolo de concienciación para evitar novas traxedias ao volante.




Placa conmemorativa no xardín da esquina da Avda. Fisterra

## ■ Obras de asfaltado



Antes

Cruce Galileo Galilei con Severo Ochoa



Despois



Antes

Tramo Galileo Galilei entre Severo Ochoa e Gambrinus




Despois

### ■ Asfaltado e novo paso de peóns elevado



Severo Ochoa



Severo Ochoa

### ■ Obras de asfaltado




Antes

José María Rivera Corral




Despois

### ■ Asfaltado e pintado de paso peóns



Antes

Cruzamento de Severo Ochoa y Galileo Galilei




Despois

### ■ Novas prazas de estacionamento




Antes

Galileo Galilei




Despois

### ■ Elevación e pintado do paso peonil



Galileo Galilei

### ■ Obras de saneamento e asfaltado



Newton

### ■ Obras de asfaltado e saneamento



Camiño O Bosque



Camiño O Bosque

## → Área de Mobilidade

Como parte do compromiso de Agrela coa humanización do Parque Empresarial, desenvolvéronse diversas actuacións destinadas a mellorar a accesibilidade, a seguridade e a comodidade de traballadores/as, visitantes e veciños/as, consolidando unha contorna urbana máis amable e funcional.

Entre as principais melloras destacan a instalación de dous novos puntos de BiciCoruña: un na Ctra. Baños de Arteixo, fronte á estación de Bombeiros da Coruña, e outro na confluencia das rúas Severo Ochoa

e Newton. A estas accións súmase a posta en servizo dunha nova parada de autobús cuberta en Severo Ochoa, así como a reposición da baliza de sinalización diverxente en Galileo Galilei, contribuíndo a unha mobilidade máis segura e ordenada dentro do Parque.

Estas iniciativas ofrecen alternativas de desprazamento sostibles, prácticas e saudables, fortalecen a conexión de Agrela con outras zonas da cidade e reforzan a visión do Parque como un espazo moderno, accesible e sostible.



**Novos puntos de BiciCoruña en Agrela**



Novos puntos de BiciCoruña: o primeiro situado na Ctra. Baños de Arteixo, fronte á estación de Bombeiros da Coruña, e o segundo na confluencia das rúas Severo Ochoa e Newton.

## ■ Reposición de bandas rugosas




Antes



Despois

José María Rivera Corral

## ■ Nova marquesina para o bus urbano



Antes



Despois

Severo Ochoa

## ■ Reposición dunha baliza de sinalización



Galileo Galilei

## ■ Nova praza PMR (Persoas con Mobilidade Reducida)



Galileo Galilei

## Ordenanza de Mobilidade Sostible

O Parque Empresarial de Agrela, en colaboración co Concello da Coruña, impulsa un modelo de mobilidade que busca integrar este núcleo económico na trama urbana de forma sostible. A través da mellora das infraestruturas, o fomento do transporte público e a expansión de servizos de mobilidade activa como BiciCoruña, ambas as institucións traballan conxuntamente para facilitar o acceso de traballadores e usuarios, reducindo o impacto ambiental e mellorando a seguridade viaria na área empresarial.

## Novo prego de transporte público

A Asociación xunto con POCOMACO trasladou á empresa EPTISA, encargada da redacción do novo prego do servizo de transporte público, as principais necesidades de ambos os polígonos nesta materia, nunha reunión celebrada o ano pasado. Neste encontro propúxose axustar as rutas para cubrir zonas de alta actividade, a creación de liñas lanzadeira rápidas dende a cidade e a potenciación do aparcadoiro de Lonzas como nodo intermodal. Así mesmo, subliñouse a necesidade dunha coordinación entre o Concello e a Xunta para integrar servizos e ofrecer bonos de transporte.



Exemplo de convivencia viaria entre diferentes modos de transporte tras actuacións de mellora en Agrela.



**14 de maio:** Teresa Firvida, xerente de Agrela, Pablo Alonso Rodríguez, representante de Eptisa e Alfredo Candales, xerente de Pocomaco.

## → Área de Medio Ambiente

Agrela mantén un firme compromiso coa sostibilidade e a mellora da contorna empresarial, traballando de maneira coordinada co Concello a través da Área de Medio Ambiente.

Como parte desta colaboración, celebráronse dúas reunións coa concelleira de Medio Ambiente, Yoya Neira, encontros clave para identificar e coordinar oportunidades de acción conxunta en beneficio de toda a comunidade do noso Parque Empresarial.

Entre estas iniciativas búscase humanizar o Parque de Agrela mediante a plantación de árbores, a creación de zonas verdes, a recollida de residuos e a limpeza de espazos comúns.

Estas accións reflicten o compromiso de Agrela cun desenvolvemento empresarial responsable, sostible e máis próximo á comunidade.

# Liderando o cambio verde en Agrela

Liderar o cambio cara a unha contorna máis sostible é a nosa prioridade. Estamos comprometidos con humanizar Agrela, transformando cada espazo verde nun beneficio real para todos. Facemos que as cousas sucedan, impulsando melloras que definen o novo estándar do noso Parque Empresarial.



Primeira mesa de traballo coa nosa xerente Teresa Firvida, José Fresco, vogal da Xunta Directiva da Asociación e a concelleira Yoya Neira.



Segunda mesa de traballo entre a nosa xerente, Teresa Firvida, e a concelleira de Medio Ambiente, Yoya Neira, xunto co seu equipo técnico para avaliar os servizos que se prestan en Agrela.



# Xestión de residuos urbanos

Como mostra do seu compromiso coa sostibilidade, **Agrela conta co convenio marco para asuntos ambientais e para a xestión de residuos urbanos**, da man do Concello da Coruña. Esta alianza estratéxica está deseñada para optimizar a limpeza integral do Parque Empresarial, reducir os custos operativos das nosas empresas asociadas e garantir o pleno cumprimento da normativa ambiental vixente.



## 1. Mantemento da contorna e limpeza viaria

Para garantir a limpeza e o bo estado do Parque, contémpanse estes servizos:

- Servizo de varrido, manual e mecánico de beirarrúas e calzadas.
- Mantemento de zonas verdes e poda de árbores.



## 2. Xestión de residuos

Asegúrase a dispoñibilidade e o bo estado dos puntos de depósito:

- Colocación de novos puntos de achega (iglús e colectores) para vidro, cartón, papel e materia orgánica segundo as necesidades detectadas.
- Reposición de colectores deteriorados e subministración de depósitos específicos ás empresas para a fracción orgánica.

## 3. Servizos de recollida de residuos non perigosos



### Recollida porta a porta

- **Tipos de residuos:** Papel, cartón e plástico
- **Días de recollida:** Luns, mércores e vernes. A partir das 08:00 h.
- **Procedemento:** Depositar os residuos fronte á fachada. Para o papel usar caixas ou bolsas identificadas por fóra. Para o plástico usar bolsas identificadas por fóra.



### Recollida diaria nocturna

- **Residuos Orgánicos:** Débense utilizar os colectores individuais verdes proporcionados polo Concello. O horario para deixalos na rúa é de 20:00 a 24:00 h, e deben retirarse antes das 10:00 h do día seguinte.
- **Residuos Inorgánicos:** Depositar nos colectores de tapa amarela ancorados na vía pública.



### Recollida de mobles e enseres

- **Tipos de residuos:** Ordenadores, material electrónico, mobiliario de oficina, etc.
- **Procedemento:** As empresas asociadas deben solicitar o servizo enviando un correo electrónico a: [asociacion@agrela.com](mailto:asociacion@agrela.com)

Nun esforzo por facilitar a reciclaxe e a xestión de refulgallos especiais ou voluminosos, Agrela dispón dun **Punto de Achega** que facilita o tratamento de residuos:

- **Tipos de residuos:** Papel, cartón, madeira, diversos tipos de plásticos, pilas, aceites de hostalaría e dispositivos RAEE (incluíndo lámpadas e luminarias).
- **Requisitos de acceso:** É obrigatorio presentar unha copia do convenio Asociación-Concello e o documento de seguimento anual correspondente.

- **Ubicación:** Severo Ochoa, esquina con Galileo Galilei (á altura da ponte do FF.CC.)
- **Horario:** L-V: 09:00-13:00 / 16:00-20:00
- **Contacto:** 881 005 954

**Para a reciclaxe convencional de materiais como o vidro, papel-cartón e residuos inorgánicos, tamén podes utilizar os colectores específicos (iglús) situados permanentemente na vía pública.**

## → Área de Seguridade Cidadá

A seguridade en Agrela é un modelo de éxito baseado na cooperación estratéxica entre a Asociación e o Concello da Coruña. Esta alianza garante que o Parque sexa un espazo seguro e fiable para os seus máis de 20.000 traballadores.

A xestión do espazo público e da orde son fundamentais para a operatividade do Parque. Mediante protocolos de vixilancia e colaboración empresarial,

supervisanse as infraestruturas para resolver con axilidade incidencias que afecten a mobilidade, a imaxe do recinto ou os servizos comúns.

Ademais, refórzase a protección da contorna actualizando permanentemente os protocolos de emerxencia e seguridade industrial para adaptarse de maneira proactiva aos novos desafíos tecnolóxicos do sector.

### ■ Xestión e retirada de vehículos abandonados

A Asociación coordina a retirada de vehículos abandonados mediante a colaboración directa das súas empresas asociadas e o servizo de vixilancia do Parque. Grazas a este sistema de avisos conxunto, detéctanse e notifícanse rapidamente os automóviles en desuso,

axilizando a súa retirada a través da Policía Local. Este esforzo compartido optimiza o estacionamento público e garante unha contorna empresarial máis segura e profesional.



Exemplos dalgúns vehículos abandonados



### ■ Simulacro de incendios de vehículos eléctricos

Reforzando este compromiso, Agrela organizou, xunto co Servizo de Bombeiros da Coruña e a empresa GALP, un simulacro de incendio nun vehículo eléctrico. Este exercicio permitiu poñer a proba os protocolos de actuación ante emerxencias en baterías, unha tecno-

loxía cada vez máis presente nos centros de traballo. A actividade serviu para avaliar a resposta coordinada dos equipos de emerxencia, reafirmando a aposta da Asociación pola sensibilización e a seguridade ante os novos retos industriais.



## → Área de Urbanismo

A actividade da Asociación en materia urbanística fundaméntase nun compromiso firme coa competitividade do Parque e a axilidade operativa das empresas que o integran. En colaboración directa coa Área


de Urbanismo do Concello da Coruña, traballamos para transformar a contorna física de Agrela e optimizar a relación administrativa dos nosos membros coas institucións.

### ■ Modificación do PXOM para mellorar a conectividade do Parque Empresarial

*O crecemento do Parque Empresarial de Agrela esixe unha actualización constante da súa configuración urbana e normativa que dea resposta ás necesidades actuais do tecido empresarial.*

Por iso, desde a Asociación véñse solicitando desde hai anos a necesidade de actualizar a Norma Zonal 6.2, que afecta a Agrela, co obxectivo de resolver nós críticos de comunicación e desbloquear o potencial de desenvolvemento das empresas no Parque Empresarial.

Neste contexto, e ante a dilación no tempo desta revisión que condiciona directamente a actividade no noso polígono, estamos a traballar intensamente na proposta de solucións transitorias ou modificacións puntuais. Esta acción busca evitar que a demora admi-



nistrativa frene o crecemento empresarial, facilitando de maneira efectiva a modernización das instalacións, a flexibilidade na compatibilidade de usos e a adaptación das parcelas aos estándares actuais de eficiencia e sostibilidade.

Baixo esta estratexia, destacamos dúas peticións nas que se está a traballar e que requirirían unha modificación puntual:

- **Novo viario perimetral por detrás de Marineda:** Este proxecto representa un fito para optimizar a conectividade da zona. Mantemos un diálogo constante co Concello para axilizar a construción dun viario de aproximadamente 200 metros que conecte a rotonda existente coa parte posterior do C.C. Marineda City. Esta infraestrutura permitirá diversificar os fluxos de tráfico, mellorar os accesos lóxicos e desconxestionar significativamente a área.
- **Nova conexión entre Gambrinus e Severo Ochoa:** Traballamos na definición dun novo viario peonil e ciclable que conecte estas dúas arterias principais, actualmente separadas entre si. Esta actuación ten como obxectivo mellorar a mobilidade e accesibilidade das persoas dentro do Parque, facilitando os desprazamentos a pé e en bicicleta e reforzando a continuidade urbana entre ambas as rúas.

Estas intervencións están deseñadas non só para resolver necesidades actuais, senón tamén para dotar o Parque dunha infraestrutura máis cohesionada.



Tramo polo que se pretende construír o novo viario pola parte traseira da zona comercial de Marineda City.

### ■ Licenzas de actividade

Desde a Asociación ofrécese acompañamento ás empresas na tramitación de licenzas de apertura, asesorándoas para identificar a mellor implantación posible e garantir o cumprimento da normativa urbanística vixente. Este apoio permite que as novas actividades se desenvolvan con seguridade xurídica e evita incidencias posteriores derivadas da situación das naves no Parque Empresarial de Agrela.

Así mesmo, ponse de manifesto a necesidade de axilizar os trámites no departamento de licenzas, xa que os prazos actuais, que en moitos casos superan o ano, supoñen un importante prexuízo económico para as empresas, ao ter que asumir custos sen poder iniciar a súa actividade, retrasando a xeración de emprego e o dinamismo económico.

## → Área de Promoción Económica

A iniciativa comercial "Con Agrela Gañas Sempre" consolidouse durante o ano 2025 como unha ferramenta estratéxica para dinamizar o comercio local e fortalecer os vínculos dentro do Parque Empresarial de Agrela.

A través deste proxecto, fomentouse a creación de sinerxías entre as empresas asociadas e os seus clientes, incentivando o consumo interno e premiando a fidelidade das persoas usuarias mediante incentivos directos polas súas compras. O enfoque principal da campaña non só foi potenciar o fluxo de vendas e a actividade comercial no Parque, senón tamén dar unha

maior visibilidade á ampla e diversificada oferta de servizos e negocios que conviven na nosa contorna empresarial.


Nesta edición, a campaña repartiu 3.000 euros mediante 15 vales de compra de 200 euros cada un. Os clientes puideron participar rexistrando os seus tickets de compras realizadas en novembro a través da web de Agrela ata o 7 de decembro. A acción concluíu cun sorteo celebrado o 10 de decembro, acto que permitiu estreitar lazos coa comunidade e agradecer a confianza depositada polas persoas clientes das empresas de Agrela.



O Concello da Coruña e Agrela asinan un convenio de colaboración para impulsar a promoción de actividades económicas no Parque Empresarial.



Mostra de gráfica publicitaria deseñada para a campaña dixital "Con Agrela gañas sempre"



**340 mil**

**Impactos diarios:** Alcance diario estimado en medios tradicionais (radio + prensa).



**180**

**Cuñas emitidas:** por emisoras líderes: Cadena 100, COPE, Radio Voz e SER.



**37 mil**

**Visualizacións en redes sociais:** Facebook, Instagram e LinkedIn.



**238 mil**

**Lectores diarios:** Alcance total estimado sumando audiencias da Voz de Galicia, El Ideal Gallego e La Opinión.



**106 mil**

**Oíntes:** Alcance diario en cadeas líderes: Cadena 100, COPE, Radio Voz e SER.



**1 mes**

**De visibilidade:** Banner activo en Quincemil durante todo o mes de novembro.

# Con Agrela gañas sempre



**Terranosa**  
Víctor José Mago Heredia



**Terranosa**  
Roberto Seijo Pérez



**Manell Motor**  
Antonio Abelenda Hermida



**Cafetería Restaurante Fontenova**  
Javier Vidal Miguélez



**Hotel Ibis Styles A Coruña**  
Voz Audiovisual S.A.U.



**Cervecería El Hoyo**  
María Rosa Santos Ríos



**Phone Service Center**  
Scalene Global S.L.



**Mariscos del Ortegal**  
Rubén Peña Fernández



**Galp**  
Jose Luis Paz Atán



**Ikea A Coruña**  
Alberto C. Melón Lodeiro



**Ikea A Coruña**  
Javier Rodríguez Fernández



**Hyupersa Norte**  
Gemma Suárez Sánchez

## Participaron no sorteo 245 tickets ou facturas de 46 empresas asociadas:

- Accesorios Miguel
- Ad Grupo Regueira
- Auto Recambios Diresa
- Banale
- Cafetería Gasthof
- Cafetería-Restaurante Fontenova
- Calvo Electricidad del Automóvil
- Candy Cash
- Carnicosa
- Cash Galicia
- Cash Record-Vegalsa
- Centro Comercial Marinada City
- Centro de Negocios Finisterre
- Cervecería El Hoyo
- Corgal Automóviles Exposición VN
- Cuevas Cash
- Danza 10 Studio
- Escuela Infantil Trastes-Agrela
- F. Galán Asesores
- Farmacia Sánchez Guiotto
- Galp
- Hotel Ibis Styles A Coruña
- Hyupersa Norte
- Ikea A Coruña
- L. Pampin e Hijos
- La Persiana
- Leroy Merlin
- Makro
- Manell Motor
- Mariscos del Ortegal
- Mcdonald's La Grela
- Miramar Oil
- Neumáticos Rodex
- Parafarmacia Castro
- Phone Service Center
- Progasca
- Proquicel
- R Cable
- Roydisa
- SBC Gasolineras
- Supermercados Eroski
- Talleres Hércules
- Terranosa
- Trio Pipe Systems
- Vodafone
- Volta

Tras o proceso de comprobación dos tickets, só se puideron verificar 12 gañadores, quedando desiertos 3 premios por diferentes erros detectados.

# Deputación da Coruña



## Impulso á visibilidade e posicionamento de Agrela

Co obxectivo de consolidar Agrela como área comercial de referencia e espazo estratéxico para o tecido económico, e en colaboración coa Deputación da Coruña, desenvolvéronse diversas accións destinadas a poñer en valor a traxectoria e o impacto social da nosa comunidade empresarial.

### 1. Ciclo de entrevistas "Falemos de Agrela"

Este ciclo tivo como propósito humanizar o tecido empresarial de Agrela, dando visibilidade ao traballo e aos valores das nosas empresas.

A través de 19 entrevistas en Onda Cero, os representantes das entidades participantes compartiron a historia e o equipo humano que hai detrás de cada proxecto.



Celebración do sorteo en Agrela con Marcos García, director de Cosnor Correduría de Seguros; M<sup>a</sup> Begoña López, presidenta de Agrela e Teresa Firvida, xerente de Agrela.

Para a súa posta en marcha, o 2 de abril realizouse un sorteo entre todas as empresas asociadas, mediante un proceso que garantiu a representatividade xeográfica por rúas e grupos, fomentando ademais a rotación ao excluír os participantes de edicións anteriores.

### 2. Publicación en prensa do Directorio de Empresas

Como reforzo estratéxico publicouse un directorio completo de empresas asociadas durante tres fins de semana consecutivos de novembro en La Voz de Galicia e La Opinión A Coruña. Esta acción facilitou o acceso directo do público á ampla oferta profesional da zona e puxo en valor a diversidade do Parque.



"Más de Uno A Coruña", espazo de Onda Cero onde Lara Vivero deu voz ás persoas asociadas seleccionadas por sorteo.



# Ciclo de entrevistas "Falemos de Agrela"



**Orona**  
Ángeles Ríos



**R Cable**  
Alfredo Ramos



**Liteyca**  
Joaquín Rasilla



**Ebro (Zina Móvil)**  
Jorge Nieto



**Centauto**  
Javier Calvelo



**Armando Silva e hijos**  
Mercedes Silva



**Carbones Galicia  
Dichosa Brasa**  
Bernardo Couceiro



**Mosquera Sanjurjo  
Abogados**  
Rosa Mosquera



**Climareyma**  
José Mª Regueira



**Neumáticos Rodex**  
Manuel Porto



**Grupo Resnova  
(Gonzacar)**  
Daniel Barros



**A Coruña Persianas**  
José Antonio Fandiño



**Prosegur**  
Jose Quintans



**L. Pampin e hijos**  
José Varela



**Cash Galicia**  
Sofía Martínez



**Euro Red Vigo**  
Antonio Martínez



**Miraveo**  
Jairo Aldana



**Utilmacon**  
José Vizoso



**Accesorios Miguel**  
Jesús Corral



20  
25



## Evento Cidade das TIC (IGAPE)

6 de febreiro

*A "Xornada de Instrumentos Financeiros", celebrada na Cidade das TIC na Coruña, consolidouse como un espazo estratéxico para a difusión das axudas vinculadas ao Fondo de Transición Xusta.*

O acto foi inaugurado por María Jesús Lorenzana, conselleira de Economía e Industria, quen subliñou o compromiso da Xunta de Galicia con proxectos que impulsen a transformación industrial e a sostibilidade económica.

Durante a sesión, presentáronse diversos contidos audiovisuais explicativos sobre o Instrumento Financeiro destinado a grandes empresas, así como as diferentes liñas de actuación que no marco do Fondo de Transición Xusta ofrece para fortalecer a competitividade do tecido produtivo galego.

O bloque central da xornada consistiu nunha mesa redonda titulada "Conversa coas empresas: Instrumentos Financeiros", na que participaron cargos directivos da administración autonómica, como Covadonga Toca (IgaPe) e Ángel Tarrío (Cohesión e Fondos Europeos), xunto a destacados representantes do sector privado de grupos como Alumán, Equipos Lago, Grupo Intaf e Grupo Gestan.



A conselleira de Economía e Industria, María Jesús Lorenzana, durante a presentación do proxecto de "Economía circular industrial Galicia 2025"



## Plan galego de investigación e innovación

2 de abril

*A presentación do Plan Galego de Investigación e Innovación (PGI+I) 2025-2027, celebrada no Museo da Cidade da Cultura de Santiago de Compostela, consolidouse como o evento de referencia para o avance científico e tecnolóxico da rexión.*

Durante a xornada, presidida por D. Alfonso Rueda Valenzuela e coa intervención do conselleiro D. Román Rodríguez González, detalláronse as liñas mestras desta estratexia que prevé unha mobilización de 1.100 millóns de euros en fondos públicos

O plan estrutúrase en tres eixes fundamentais: a xeración de coñecemento e investigación de excelencia, o impulso á innovación e a transferencia de tecnoloxía ao tecido produtivo, e o fomento do talento investigador. Esta folla de ruta busca posicionar Galicia á vangarda da I+D+i, establecendo as prioridades que guiarán o investimento e o desenvolvemento de políticas científicas durante o trienio 2025-2027.

Esta participación permitiu aliñar os nosos obxectivos coas políticas rexionais en formación e emprego. Grazas a iso, garántese ás persoas asociadas acceso directo a información sobre novos recursos e programas de desenvolvemento, reforzando o noso compromiso coa innovación como motor de progreso profesional durante o exercicio 2025.



Xornada de presentación do PGI+I na Cidade da Cultura en Santiago de Compostela



M<sup>a</sup> Begoña López, presidenta de Agrela xunto a Teresa Firvida, xerente de Agrela na xornada PGI+I

## Presentación da oficina de Economía Circular

20 de maio

*A nova Oficina de Economía Circular Industrial de Galicia é unha iniciativa da Xunta para impulsar a sustentabilidade no sector produtivo.*

Durante o acto, a conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, destacou a creación dunha innovadora bolsa de subprodutos que permitirá ás empresas galegas intercambiar materiais descartados e restos de produción.

Este mecanismo, que se prevé operativo para o próximo ano, busca transformar os residuos en recursos aproveitables, reducindo o desperdicio e fomentando un modelo económico circular máis eficiente.

Máis aló da xestión de materiais, esta oficina circular ofrecerá asesoramento técnico, guías prácticas e promoverá a creación de parques empresariais circulares, onde as entidades colaboren para minimizar a súa pegada ambiental de xeito conxunto.

Este proxecto intégrase nunha estratexia rexional para posicionar a Galicia como referente en sustentabilidade industrial. Coa súa participación, Agrela reforza o seu compromiso cunha industria moderna e competitiva, apoiando medidas que optimicen os recursos e aseguren un crecemento económico respectuoso coa contorna.



Xornada de presentación da oficina de economía circular, presentada pola conselleira Ángeles Vázquez



A xerente da Asociación, Teresa Firvida, coa conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez

## Programa de Mentoring en circularidade industrial

27 de maio

*Agrela asistiu á presentación do Programa de Mentoring en Circularidade Industrial da Xunta de Galicia, unha iniciativa para fortalecer a colaboración empresarial en sustentabilidade.*

A través deste programa e da Oficina de Economía Circular, a entidade intégrase nunha rede de intercambio de boas prácticas para mellorar a eficiencia produtiva e reducir residuos. Esta colaboración posiciona á Asociación ante fitos clave como a futura simbiose industrial e a Bolsa de Subprodutos de Galicia, reafirmando o seu compromiso cunha industria competitiva e de baixo impacto ambiental.

A participación da Asociación neste tipo de eventos reforza a súa implicación en iniciativas estratéxicas vinculadas á transición cara a modelos produtivos máis sostibles, fomentando a cooperación entre empresas e administracións.

Así mesmo, abre a porta a novas oportunidades de colaboración e desenvolvemento de proxectos conxuntos orientados á innovación, á optimización de procesos e á mellora da sustentabilidade no tecido industrial.



M.<sup>a</sup> Jesús García (Comunidade de Propietarios do polígono de Bergondo), Marta Marzoa (Asociación de Empresarios do Polígono de Sabón), María Botana (Confederación de Empresarios da Coruña) e Teresa Firvida (Asociación de Empresarios de Agrela)



A conselleira de Medio Ambiente, Ángeles Vázquez, durante a presentación do proxecto de "Economía circular industrial Galicia 2025"

## Programa Reponsabilízate, Cuarta Edición

18 de xunio

*O selo Responsabilízate é un distintivo co que a Xunta de Galicia reconece as pemes que integran un modelo de negocio sostible e comprometido coa contorna e coas persoas.*

Na cuarta edición do programa, un total de 207 empresas galegas foron distinguidas, destacando con especial orgullo a presenza de tres das nosas entidades asociadas: Dotcom Factory, Maximino Seoane e Torres y Sáez.

Este recoñecemento é o resultado tanxible do compromiso adquirido apenas un ano despois da inspiradora xornada "Responsabilízate" celebrada na nosa Asociación en febreiro de 2024, consolidando así unha semente de cambio que hoxe ofrece resultados reais no tecido empresarial de Agrela.

A Asociación estivo presente no acto para apoiar a estas empresas, representadas por Manuel Fernández e Rocío Lama (Torres y Sáez), Jesús Camiño (Dotcom Factory) e Iria Iglesias (Maximino Seoane), acompañados pola nosa xerente, Teresa Firvida. Este fito reforza os valores que promovemos desde a Asociación: un tecido empresarial forte, moderno e con conciencia, onde a rendibilidade e a ética camiñan da man.



Manuel Fernández (director xeral de Torres y Sáez), Rocío Lama (responsable de calidade e medio ambiente de Torres y Sáez), Jesús Camiño (xerente de Dotcom Factory), Iria Iglesias (representante de Maximino Seoane) e Teresa Firvida (xerente de Agrela)



Cuarta edición do Programa Responsabilízate

# Alianza por un contorno máis coidado

*En colaboración coa Xunta, impulsamos a limpeza e adecuación do Parque Empresarial de Agrela. Esta iniciativa transforma o noso polígono nun espazo máis coidado e funcional, reforzando o compromiso co benestar de toda a nosa comunidade empresarial.*



Ctra. Baños de Arteixo á altura do C.C Marineda City



Newton altura pasarela peonil



Ctra. Baños de Arteixo á altura da empresa Resonac



# Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible



## Desenvolvemento de novas conexións e accesos estratéxicos

*A inauguración en 2025 da glorieta das Rañas, que contou cunha inversión de 330.000 euros, consolidou o nodo de distribución necesario para mellorar a mobilidade e seguridade na zona.*

Esta glorieta establécese como peza central dun plan estratéxico coordinado por Agrela coa axuda do Concello da Coruña e o Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible. O proxecto non só busca optimizar o tráfico rodado, senón tamén transformar a contorna nun espazo máis amable e humano, integrando novas áreas verdes que aporten unha estética urbana

e sostible ao Parque Empresarial e aos seus accesos.

O plan de futuro céntrase na creación dunha saída directa desde o viario de servizo de Lonzas e un novo viario de 200 metros cara á Estrada de Baños de Arteixo. Estas conexións permitirán que o tráfico cara ao Polígono de Pocomaco e a área comercial evite os puntos máis saturados, como as glorietas de Ikea e Eduardo Diz, optimizando a fluidez da rede viaria baixo a supervisión técnica do Ministerio.

Ademais, esta nova configuración viaria incluírá o desenvolvemento de infraestruturas específicas para a mobilidade activa, facilitando conexións peonís seguras e carrís ciclistas que conecten os núcleos de actividade de forma saudable e eficiente.



Vista do tramo polo que se pretende conseguir un novo vial de saída vindo desde Lonzas.



Reunión con responsables do Ministerio de Estradas e a Concellería de Infraestruturas do Concello

# Delegación e Subdelegación do Goberno



## Reunión coa subdelegada do Goberno e o Comisario Provincial

19 de marzo

*A Asociación mantivo unha reunión estratéxica coa subdelegada do Goberno, María Rivas, e o comisario provincial da Policía Nacional, Carlos Gómez, co obxectivo de reforzar a seguridade no Parque Empresarial.*

Durante o encontro, acordouse intensificar a vixilancia e mellorar a coordinación entre o sector privado e as forzas da orde, establecendo novas vías de colaboración que permitan previr delitos e garantir unha contorna de traballo máis segura e protexida para todas as empresas e traballadores/as do polígono.

Entre as iniciativas máis relevantes destaca a futura organización dunha xornada técnica na Asociación para dar a coñecer o funcionamento da aplicación AlertCops, unha ferramenta dixital deseñada para axilizar a comunicación coa policía ante emerxencias.

Así mesmo, a xerencia aproveitou a ocasión para agradecer formalmente a profesionalidade e o trato achegado da Policía Nacional durante estes anos, así como a dilixencia da Subdelegación do Goberno ao atender as necesidades específicas de Agrela, reafirmando o compromiso mutuo de seguir optimizando os recursos de seguridade de maneira eficiente.



Reunión estratéxica de Teresa Firvida, xerente da Asociación, con María Rivas, subdelegada do Goberno; Carlos Gómez, comisario provincial da Policía Nacional, e outros representantes das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado

## Xornada coa Policía Nacional – Alertcops

24 de abril

*En abril celebramos unha xornada sobre seguridade e prevención do delito en Agrela coa Policía Nacional. O encontro centrouse en ofrecer pautas de autoprotección e mellorar a coordinación para protexer as empresas ante posibles incidencias.*

Destacouse especialmente o uso da aplicación AlertCops, que permite contactar directamente coa Policía e enviar imaxes en tempo real. Esta ferramenta é clave para reforzar a seguridade durante a xornada

laboral, facilitando unha resposta inmediata ante calquera situación sospeitosa.

A sesión tamén serviu para poñer en valor a vixilancia privada do polígono e a necesidade de colaborar estreitamente coas forzas públicas. Esta iniciativa reforza o noso compromiso de manter Agrela como unha contorna segura durante as 24 horas do día, unha oportunidade valiosa para estreitar lazos institucionais e avanzar cara a unha contorna máis protexida as 24 horas, consolidando unha cultura de prevención que beneficia a todo o conxunto de Agrela.



Xornada de seguridade e prevención do delito en Agrela



# Saberías como actuar en caso de **INCIDENCIA EN AGRELA?**

Con **AlertCops**, no noso polígono, tes unha liña directa coa **Policía Nacional**

Desde a app podes seleccionar o tipo de **incidencia**

Chamar aos **corpos de seguridade** ou achegar fotos ou vídeos

Promove o uso de AlertCops entre o teu equipo. **A seguridade empeza contigo.**

- ✓ Axuda a identificar os responsables
- ✓ Poderás evitar roubos
- ✓ Protexerás a outras empresas

**AGRELA** **ALERTCOPS**



# 05

Parque Empresarial  
de Calidade

## Agrela, Parque Empresarial de Calidade



En 2025, o Parque Empresarial de Agrela consolidou o seu liderado ao renovar por terceira vez a certificación de Polígono Empresarial de Calidade.

Este distintivo, outorgado pola CEPE e auditado por AENOR, valida o cumprimento de estándares europeos en áreas críticas como a infraestrutura urbanística, a xestión xurídica, a calidade dos servizos e a influencia social.

## Agrela renova por terceira vez a súa marca de Calidade

13 de maio

**Esta renovación garante a vixencia do selo ata o 2029, simbolizando un compromiso ininterrompido coa mellora das súas instalacións e a xeración de valor económico para a cidade da Coruña.**

A obtención deste distintivo representa, tanto para a Asociación de Empresarios de Agrela como para a súa contorna, a culminación de décadas de xestión profesional e un éxito compartido da colaboración público-privada.

O certificado non só premia a eficiencia operativa do Parque, senón que asegura unha contorna óptima tanto para as empresas asentadas como para os veciños/as e traballadores/as.

Ao ser o primeiro polígono de Galicia en obter este recoñecemento, Agrela posiciónase como un modelo de utilidade pública que aposta pola excelencia nos servizos e o desenvolvemento sostible do territorio ata finais da década.

Este fito reforza a imaxe do Parque Empresarial como un referente en xestión, planificación e calidade de servizos, consolidando o seu atractivo para a implantación e desenvolvemento de novas empresas.



O conselleiro e delegado de Facenda, Miguel Corgos; Pedro Blanco, delegado do Goberno; Joan Vidal, vicepresidente de Agrela; e Inés Rey, alcaldesa da Coruña, no acto de izado da bandeira.



# Servizo de vixilancia

Agrela conta cun servizo de vixilancia privada desenvolvido en colaboración cunha das nosas empresas asociadas, Grupo Sasegur, co fin de reforzar a seguridade e a tranquilidade na área empresarial.



A presenza dun servizo de vixilancia en Agrela non é só unha medida de seguridade, senón un elemento esencial para garantir o correcto funcionamento e a estabilidade de toda a contorna empresarial. En espazos onde conflúen múltiples empresas, con actividade constante e bens de alto valor, a prevención e a capacidade de resposta ante incidencias resultan determinantes.

Un sistema de vixilancia profesional permite manter a orde, disuadir conductas delitivas e reducir significativamente o risco de roubos, actos vandálicos ou outras situacións que poidan afectar á actividade diaria. A vixilancia activa contribúe a xerar unha contorna máis segura e controlada, favorecendo ademais a confianza entre as empresas instaladas.

Así mesmo, este servizo cobra especial relevancia en situacións extraordinarias, como apagóns eléctricos ou fenómenos meteorolóxicos adversos.

Ante episodios vividos como o apagón, a presenza do persoal de vixilancia permite actuar con rapidez, supervisar accesos, evitar intrusionés e xestionar incidencias derivadas, como a apertura accidental de portallóns ou posibles danos nas instalacións.

Do mesmo xeito, en contextos de inestabilidade económica ou internacional, onde poden incrementarse determinados delitos, como o roubo de combustible, contar cun dispositivo de vixilancia eficaz resulta clave para previr este tipo de prácticas e protexer os recursos das empresas.

## Horarios

### Vixilancia nocturna:

Luns a sábado:  
21:00-07:00

### Servizo continuo-24 horas:

Domingos e festivos

## Que inclúe o servizo?

- Vixilantes de seguridade uniformados.  
2 coches patrulla identificados.

## Como é a coordinación e o apoio institucional?

- Colaboración permanente coa Policía Local e Nacional
- Asesoramento na tramitación e seguimento de denuncias

## Como se realiza o control e reporte da actividade?

- Control e verificación de rutas de vixilancia
- Información puntual, detallada e histórica de incidencias

## Como se identifica as empresas adheridas?

- Colocación de carteis identificativos nos edificios adheridos de asociados/as



# 06

Agrela no día a día


## Evolucionando ao ritmo da nosa comunidade

Xa somos máis de 300 empresas camiñando xuntas en Agrela. E o certo é que cando unimos forzas, o noso Parque Empresarial transfórmase: melloran os servizos, xéranse novas oportunidades e todos saímos gañando.

Sabemos ben cales son as preocupacións do día a día: aproveitar mellor o tempo, reducir gastos innecesarios e conseguir que a túa empresa chegue a máis clientes. Por iso, desde a Asociación poñemos ao teu

alcance ferramentas e recursos prácticos que che axudan a avanzar neses aspectos clave. Queremos que sintas que non tes que facelo todo só, que hai un respaldo real detrás de cada reto.

Na Asociación queremos ser ese apoio constante que che acompaña no camiño, sexa cal sexa o tamaño da túa meta. Así que non o esquezas: se necesitas algo, se tes unha consulta ou simplemente queres compartir unha idea, aquí nos vas atopar.



Agrela sinerxias



Agrela polo emprego



Desayunos en Agrela



Agrela recibe



Agrela asiste



Agrela solidaria



Nadal en Agrela

# Agrela sinerxias

Agrela impulsa alianzas estratéxicas con diversas entidades e empresas para consolidar un ecosistema que fortaleza o tecido industrial e a súa comunidade. Esta rede de cooperación tradúcese en iniciativas de dinamización comercial e proxectos comunitarios que elevan a competitividade do Parque, integrando a innovación e a saúde laboral como eixes transversais.

Ao estreitar lazos con institucións e polígonos, foméntase un intercambio de coñecemento e loxística avanzada que xera valor engadido para toda a contorna.



Inauguración da V Feira do Automóbil en Agrela, coa asistencia de portavoces dos concesionarios participantes, representantes institucionais e a presidencia e xerencia da Asociación de Empresarios de Agrela.

## V Feira do Automóbil en Agrela

**Un ano máis celebrouse unha nova edición da Feira do Automóbil, na que durante 3 días, 11 concesionarios ofreceron as principais marcas de automóviles con descontos e oportunidades.**

A V Feira do Automóbil en Agrela consolidouse como un dos eventos máis destacados no ámbito da automoción, onde os concesionarios exhiben os seus modelos máis impresionantes nun horario estendido, pensado para a comodidade de todos os asistentes.

Na presentación desta nova edición, contamos coa presenza de: Marina Graña (secretaria xeral da CEC), Diana Sobral (concelleira de Emprego, Comercio e

Mercados), María Rivas (subdelegada do Goberno en Galicia), M<sup>a</sup> Begoña López (presidenta da Asociación de Empresarios de Agrela), María Barreiro (secretaria territorial da delegación da Xunta de Galicia), José Ramón Rioboo (deputado provincial responsable das áreas de Facenda, Especial de Contas, RRHH e Avance Dixital) e Marcos Varela (portavoz dos concesionarios participantes).

Na feira, que se levou a cabo o 12, 13 e 14 de xuño, os visitantes puideron gozar das principais marcas de automóviles, así como dunha variada selección de vehículos de ocasión e accesorios. Houbo opcións para todos, incluíndo vehículos novos, seminovos, de quilómetro cero e de ocasión, así como un bono de desconto de 500 €!


    	<b>Zina Móvil</b>  	<b>SPORTAUTO GALICIA</b>  	<b>Gonzacar</b>    
<b>GRUPO BREOGÁN</b>    	<b>Fiateira Motor</b>    	 <small>integralsolutions.es</small>	<b>Corgal Automóviles</b>      
<b>Carrera e Hijos</b> 	 <b>Hyupersa</b>	<b>PARDO AUTOMOCIÓN</b> <small>SELECCIÓN</small> 	

# V Feira do Automóbil

12, 13 y 14 de xunio

Todos os asistentes á "V Feira do Automóbil" puideron gozar dun cupón de desconto de 500 € na súa compra.

- 1 CARRERA E HIJOS**  
Galileo Galilei, 32 - 981 277 100  
▶ CITROËN
- 2 CORGAL AUTOMÓVILES**  
Gutenberg, 14 - 981 145 567  
Corgal Ocasión  
Gutenberg, 34 - 881 255 335  
▶ KIA, KIA OCASIÓN
- 3 FIATEIRA MOTOR**  
Severo Ochoa, 8 - 981 169 916  
▶ FIAT, ALFA ROMEO, JEEP, OPEL, CITROËN, ABARTH
- 4 GALCAR**  
Avda. Fisterra, 331 - 981 270 405  
▶ HONDA, MITSUBISHI MOTORS, KGM, SUBARU
- 5 GRUPO BREOGÁN**  
Severo Ochoa, 14 - 981 136 688  
▶ PORSCHE, LEXUS, BREOGÁN OCASIÓN
- 6 GRUPO RESNOVA - GONZACAR**  
Isaac Peral, 28. 981 140 122  
▶ JAECCO, F ORD, OMODA
- 7 HYUPERSA NORTE**  
Avda Fisterra, 326. 981 168 080  
▶ HYUNDAI
- 8 INTEGRAL MOTION**  
Avda Fisterra, 275 - 881 194 196  
▶ MULTIMARCA
- 9 PARDO AUTOMOCIÓN**  
Ctra. Baños de Arteixo, 19 - 661 182 636  
▶ MULTIMARCA, MAXUS
- 10 SPORTAUTO GALICIA**  
Newton, 8 - 981 148 676  
▶ MAZDA, SUZUKI
- 11 ZINA MÓVIL**  
Ebro Galicia  
Ctra. Baños de Arteixo, 11 - 981 169 916  
▶ EBRO  
BYD Pérez Rumbao  
Galileo Galilei, 44 - 881 190 749  
▶ BYD



Grupo Breogán



Fiateira Motor



Galcar



Gonzacar



Hypersa



Integral Motion



Pardo Automoción



Sportauto Galicia



Talleres Carrera e hijos



BYD Pérez Rumbao y EBRO Galicia



Corgal Automóviles



V Feira

## Agrela e a CEC: Foro PRL e RRHH

*A Asociación, en colaboración coa CEC, puxo en marcha unha nova sesión do Foro de PRL e RRHH, un encontro clave centrado na análise do absentismo laboral no marco actual.*

A xornada contou coa participación experta de Javier Flórez (Ibermutua) e María Botana (CEC), quen examinaron as causas do incremento das baixas, o labor das mutuas e o deseño de estratexias empresariais para fomentar unha cultura de saúde laboral. A sesión destacou polo seu carácter participativo, permitindo que os asistentes compartiran experiencias e

xerasen sinerxías nun entorno de aprendizaxe próximo e profesional.

Coa consolidación deste Foro, que xa integra a 19 empresas, Agrela reafirma o seu compromiso coa mellora continua da seguridade e saúde no traballo. Este espazo dinámico busca non só avaliar a situación preventiva da nosa contorna, senón tamén incentivar o intercambio de ideas e facilitar a colaboración técnica entre profesionais da zona.

Como foro vivo e aberto, o obxectivo último é enriquecer a xestión preventiva das empresas asociadas, promovendo unha rede de colaboración activa que siga crescendo e achegando valor estratéxico á xestión dos recursos humanos no tecido empresarial local.



## Asemblea Xeral da CEC e recoñecemento a Antonio Fontenla

A Asemblea Xeral da CEC, celebrada o ano pasado, rendeu unha merecida homenaxe a Antonio Fontenla pola súa traxectoria á fronte da institución, poñendo en valor os seus 24 anos de liderado e o seu papel decisivo na cohesión do tecido produtivo coruñés. Durante o acto, destacou a súa defensa firme dos intereses empresariais e a súa capacidade para consolidar a unidade da patronal.



**26 de xunio:** Asemblea da CEC e recoñecemento a Antonio Fontenla pola súa traxectoria profesional

## Eventos da CEC coa presenza de Agrela



**28 de xaneiro:** Xornada sobre a nova normativa de ciberseguridade coa CEC



**21 de marzo:** Almorzo con Valentín Formoso na CEC



**28 de marzo:** Visita a Sogama coa CEC



**22 de xulio:** Almorzo con Inés Rey, alcaldesa da Coruña



**14 de novembro:** Almorzo na CEC coa Inspección de Trabajo



**17 de novembro:** Xornada informativa AEAT VERIFACTU

## Agrela e Coruña Marítima

*A Asociación de Empresarios de Agrela participou no primeiro obradoiro de "Coruña Marítima" no Palexco, un foro estratéxico para debater a transformación da fachada marítima da cidade.*

A nosa xerente, Teresa Firvida, achegou a visión do Parque Empresarial destacando a oportunidade de integrar hubs loxísticos urbanos nos terreos portuarios. Esta proposta busca modernizar a loxística local e mellorar a competitividade do comercio, aproveitando a localización estratéxica para optimizar o e-commerce e reducir o impacto ambiental.

*Coruña Marítima presenta as conclusións do seu proceso participativo para a transformación da fachada marítima.*

O proxecto Coruña Marítima presentou as súas conclusións do proceso participativo o 9 de maio de 2025 no Espazo Avenida (Cantón Grande), marcando un fito na transformación dos espazos portuarios. A Oinauguración institucional destacou a colaboración entre o Concello, a Xunta, o Goberno central e a Autoridade Portuaria para deseñar a fachada marítima.



**26 de marzo:** Taller Coruña Marítima sobre a economía e a innovación como eixes principais



**9 de maio:** Presentación das conclusións do proceso participativo de Coruña Marítima

## Agrela e Inade: Premios Galicia Segura

*Agrela asistiu aos Premios Galicia Segura 2025 celebrados en Santiago de Compostela, un evento organizado pola Fundación Inade que reuniu aos principais representantes do ámbito asegurador e institucional.*

Nesta XXI edición recoñeceuse a traxectoria de Markel, Ruiz Re e Jealsa, subliñando o papel deste sector como un motor esencial para a cohesión e o desenvolvemento económico. A participación de Agrela no evento reforza o seu compromiso coa innovación e a seguridade, consolidándoos como piares estratéxicos para o fortalecemento do tecido empresarial galego.



## Agrela e Grupo Isonor: Webinar

*Agrela, en colaboración co Grupo Isonor, organizou un seminario web formativo e gratuito orientado a informar sobre as actualizacións legais da Canle de Denuncias, tras a creación da Autoridade Independente de Protección do Informante (AIPI).*

O encontro analizou as novas obrigas normativas, o rexistro de responsables e o réxime sancionador. A sesión foi impartida por Vicente Gómez, experto en protección de datos, quen achegou unha visión práctica para a adaptación dos Sistemas Internos de Información.




## Agrela e Abanca

*A Asociación, xunto a outros parques empresariais da provincia da Coruña, renovou a súa alianza estratéxica con ABANCA, mediante un ambicioso plan de apoio financeiro para o tecido empresarial da cidade e a súa área de influencia.*

Este convenio permite ás nosas empresas asociadas acceder a un catálogo de produtos a medida, como pólizas de crédito, avais e leasing, deseñado especificamente para garantir a súa competitividade e

fomentar o investimento en proxectos de sustentabilidade e eficiencia operativa nun mercado global cada vez máis esixente.

Máis aló do soporte económico, a xornada de renovación serviu como un foro de innovación onde os representantes de Agrela abordaron, xunto a directivos da entidade, os retos macroeconómicos e xeopolíticos actuais. Un punto destacado do encontro foi a sesión dedicada á intelixencia artificial, onde puidemos coñecer de primeira man as últimas tendencias desta tecnoloxía disruptiva e o seu impacto na xestión empresarial diaria.



## Agrela e Prosegur:

*Prosegur organizou un destacado encontro informativo centrado en analizar as implicacións da entrada en vigor do novo Regulamento de Seguridade contra Incendios en Establecementos Industriais (RSCIEI – RD 164/2025).*

O encontro, liderado por José Santos, director de Negocios da Zona Norte de Prosegur, reuniu a expertos do sector para analizar en profundidade as repercusións deste marco normativo no RIPCI e no Código Técnico da Edificación.

Durante a sesión, Rubén Rodríguez e Miguel Ramos, especialistas de Prosegur, ofreceron relatorios técnicos detallando os desafíos actuais de enxeñaría, mentres que Jesús Valencia, dos Bombeiros da Coruña, achegou unha perspectiva operativa esencial enfocada na optimización dos protocolos de protección cidadá durante situacións de emerxencia.



## AJE en Prosegur da man da Asociación

*A Asociación facilitou o encontro empresarial de AJE Coruña en Prosegur. Unha xornada informativa para mostrar o seu modelo operativo baseado na innovación e na tecnoloxía avanzada no sector da seguridade.*




## Agrela e as Áreas Empresariais

*A Asociación participou nun encontro estratéxico coas xerencias e representantes dos parques industriais de Seara, Bergondo e Carballo, co fin de estreitar vínculos e fomentar unha fronte común ante os retos do sector.*

A reunión organizada polo polígono de Carballo contou coa participación de: Carolina García (Seara), José Ángel Vázquez (FEGAPE e Carballo), M<sup>a</sup> Jesús García (Bergondo) e Pablo Rodríguez (Carballo), que xunto á nosa xerente Teresa Firvida puxeron en común experiencias de xestión e oportunidades de colaboración para fortalecer o tecido empresarial dos polígonos.

Durante a sesión priorizáronse liñas de actuación conxunta en áreas críticas como a mellora de infraestruturas, a coordinación en seguridade e a optimización de servizos compartidos. Este compromiso de cooperación materializouse no acordo de establecer mesas de traballo periódicas, orientadas a implementar solucións que incrementen a competitividade das nosas áreas industriais.



Carolina García, directora de Seara; José Ángel Vázquez, membro da xunta directiva da comunidade de propietarios de Carballo e presidente de FEGAPE; Teresa Firvida, xerente de Agrela; M<sup>a</sup> Jesús García, xerente da comunidade de propietarios do polígono de Bergondo; e Pablo Rodríguez, xerente do polígono de Carballo.



Polígono de Carballo



# Agrela polo emprego

Agrela impulsa e apoia activamente todas aquelas iniciativas que incentiven a creación de postos de traballo, actuando como unha ponte estratéxica que conecta o talento coas necesidades reais das súas empresas asociadas.

Este esforzo reflicte o firme compromiso da Asociación co desenvolvemento social e económico da contorna, baixo a convicción de que a xeración de emprego de calidade é a peza fundamental para acadar un progreso mutuo e sostible.



## Feira de emprego na ERLAC

9 de outubro

A Asociación de Empresarios de Agrela formou parte da VI feira de emprego de ERLAC, un encontro que tivo lugar o pasado 9 de outubro nas instalacións da Cidade das TIC na Coruña.

Nesta sexta edición, marcada pola análise da mobilidade laboral e os retos da globalización, a entidade contou cun posto informativo propio desde o cal orientou a máis de 300 estudantes e candidatos/as asistentes.

Durante a xornada, Agrela compartiu protagonismo cunha trintena de empresas de diversos sectores nun

evento que foi inaugurado pola música de Xosé Manuel Budiño e que contou coa participación de diversas autoridades.

A presenza de Agrela permitiu visibilizar as necesidades reais do principal motor industrial da cidade ante os futuros profesionais das relacións laborais e os recursos humanos. Consolidándose como unha ponte indispensable para conectar a formación académica coas oportunidades reais de emprego, reforzando o seu compromiso co desenvolvemento do talento e a dinamización do mercado laboral.



Feira de emprego de ERLAC



Jesús Vázquez, decano da Escola de Relacións Laborais de A Coruña (ERLAC).



Stand de Agrela na Feira de Emprego



Pilar Graiño e Teresa Firvida, representantes da Asociación na Feira de Emprego.

## Agrela pola formación en colaboración coa ERLAC

7 de abril

*Dando continuidade a esta liña de colaboración con ERLAC, o 7 de abril, Teresa Firvida regresou ás aulas para impartir unha sesión específica dentro da materia de "Políticas Sociolaborais".*

Nesta ocasión, a análise centrouse nas competencias emerxentes e nos sectores con maior proxección de crecemento. A xornada permitiu profundar no dese-

ño de itinerarios profesionais sustentables, aliñando as expectativas do alumnado coas necesidades reais das empresas de Agrela. Esta alianza reafirma o compromiso de ambas as institucións coa promoción de oportunidades inclusivas, sustentables e orientadas a construír un futuro laboral máis xusto e accesible para todos. A integración destas novas competencias asegura que a comunidade educativa non só responda ao presente, senón que anticipe os retos dun mercado globalizado e responsable.



Agrela coa ERLAC. Teresa Firvida, xerente de Agrela, e Susana Soneira, responsable de prácticas externas de ERLAC e profesora da materia de políticas sociolaborais.



## Programa de prácticas na empresa

Os/as estudantes do grao en RRL e RRHH obteñen un perfil multidisciplinar, con competencias que abarcan desde aspectos legais e normativos ata habilidades de xestión, comunicación e resolución de conflitos, podendo incorporarse en algún dos departamentos que se definen a continuación:



### Departamento de recursos humanos:

- **Selección de persoal:** enfocado no recrutamento e a selección de candidatos/as.
- **Formación e desenvolvemento:** deseñando e implementando programas de capacitación e desenvolvemento profesional para os empregados/as.
- **Compensación e beneficios:** xestión de salarios, beneficios e políticas de compensación.
- **Comunicación interna:** encárgase da comunicación dentro da organización, promovendo un bo clima laboral e a cultura organizacional.
- **Desenvolvemento organizacional:** optimizar o rendemento e a satisfacción dos empregados/as.

### Departamento de relacións laborais:

- **Contratación:** xestión dos procesos de selección, elaboración de contratos laborais e procedementos de despedimento.
- **Selección de persoal (RR. LL.):** elaboración de contratos laborais, procedementos de despedimento.
- **Xestión de nóminas:** calcular e procesar os salarios, deducións e beneficios dos empregados/as.
- **Asesoría legal:** orienta sobre normativas laborais, dereitos e obrigas. Asegura que a empresa cumpra con todas as leis e regulacións laborais vixentes.



agrela.com

**Agrela, onde as empresas crecen e o talento despega.**

**Conectamos persoas, empresas e oportunidades.**

# Bolsa de emprego de Agrela



## Bolsa de emprego

A través de **www.agrela.com**, as empresas asociadas poden acceder a unha base de datos de currículos actualizados. A plataforma integra un buscador por palabras clave deseñado para axilizar a identificación de perfís técnicos, garantindo unha selección de candidatos aliñada cos seus requirimentos técnicos e operativos.



## Espazos para procesos de selección

Ofrecemos **instalacións equipadas para entrevistas e dinámicas de grupo.**

Este servizo é gratuito para empresas asociadas, proporcionando unha contorna profesional, privada e estratéxica que complementa os seus propios recursos internos.



## Difusión de ofertas na web e redes sociais

Potenciamos a **visibilidade das vacantes** mediante a súa publicación na web e unha difusión activa nas nosas redes sociais. Este alcance multicanle posiciona as ofertas dos asociados, optimizando os resultados de captación de talento.



## Xestión e apoio en procesos de selección de persoal

Ante unha solicitude de contratación, a Asociación **apoia o proceso de selección** mediante a revisión e o seguimento de currículos recibidos e o envío daqueles perfís que se axusten aos requisitos do posto.

# Instalacións en Agrela

As empresas asociadas contan con **16 horas ao ano sen custo** para usar as instalacións da Asociación. Este tempo pode ser empregado para levar a cabo diversas actividades, reunións estratéxicas, cursos de capacitación, xornadas de formación e outros eventos. Para garantir que cada evento se desenvolva de maneira efectiva, as nosas instalacións están equipadas con:

- Videoproxector e pantalla
- Rotafolios
- Aire Acondicionado
- Conexións de rede con acceso a internet
- Wifi
- Portátil

Estas instalacións están deseñadas para ofrecer unha contorna cómoda, funcional e plenamente adaptada ás necesidades do ámbito empresarial, facilitando o desenvolvemento de actividades nun espazo profesional.

O uso deste servizo permite ás empresas asociadas optimizar recursos e dispoñer dun lugar axeitado para a celebración de encontros, formación e traballo colaborativo, contribuíndo así á mellora da organización e eficiencia das súas actividades.



Sala de Xuntas



Aula de Formación



Salón de Actos

# Desayunos en Agrela 2025

Os "Desayunos en Agrela" son unha iniciativa que puxemos en marcha en 2014 co obxectivo de propiciar un espazo de interacción entre empresarios e empresarias nun ambiente relaxado e acompañado de bo café.

O propósito fundamental desta actividade é fomentar o coñecemento mutuo entre os socios e socias, ademais de dar visibilidade aos produtos e servizos que se ofrecen dentro do noso Parque Empresarial, creando sinerxías e espazos de colaboración.

En cada un destes encontros contamos coa participación da nosa xerente, Teresa Firvida, así como dun membro da Xunta Directiva:

## Acompañaron os desayunos:



**Agrela**  
Teresa Firvida  
Xerente



**E.I Trastes Agrela**  
Joan Vidal  
Vicepresidente



**C.C Marinada city**  
Purificación Berdejo  
Vogal



**LaFuga Cycling**  
José Fresco  
Vogal



**Cash IFA-GADISA**  
Baltasar López  
Vogal



**Centauto**  
Cristina Liñares  
Vogal



**Farmacia Agrela**  
Andrea Guiotto  
Tesoureiro

Membros da Xunta Directiva da Asociación que asistiron aos Desayunos de 2026, xunto á xerente Teresa Firvida

## I Desayuno 18 de febreiro



**Animatium**  
Berta Ramos



**Aaron Ogando**  
Escuela de baile Song Swing



**Talleres Becar**  
Manuel Lago



**Terranosa**  
Sebastián Alanis



**+Que Fibra**  
Juan Pazos


## II Desayuno 19 de marzo



**Blanco San**  
Eduardo Blanco



**La Familia Gastro**  
Guillermo Pigueiras



**La Persiana**  
Jacobo Álvarez






**Talleres Puenteceso**  
Santiago Couto



**Resnova Motor**  
Alfonso Cruz



### III Desayuno

25 de abril




### IV Desayuno

23 de maio




### V Desayuno

17 de xunio



### VI Desayuno

26 de setembro



## VII Desayuno

21 de outubro



**Breogán Park**  
Javier Veiga



**Don Silencioso**  
Roberto Villar



**Mosquera Sanjurjo Abogados**  
Rosa Mosquera



**Prosegur Security**  
Jose Quintáns



**Resnova Motor**  
Alfonso Cruz

## VIII Desayuno

19 de novembro



**A Coruña Persianas**  
José Antonio Fandiño



**Antonio Jacobo Barral**  
Jacobo Barral



**Intera**  
Javier Longueira



**L. Pampin e Hijos**  
José Varela



**Sunaim**  
Alejandro Sánchez

# ¡Gracias a quen fixo isto posible!

O noso máis sincero agradecemento ás empresas asociadas pola súa asistencia. Grazas ao seu compromiso, estes espazos de intercambio e conexión empresarial foron posibles durante 2025.

Os "**Desayunos en Agrela**" seguen sendo un éxito grazas á vosa confianza e implicación. Seguiremos traballando en 2026 para que estes encontros continúen aportando o máximo valor ao voso día a día.

Queremos tamén trasladar un especial agradecemento aos nosos patrocinadores, **Ipasa-SanBrandán, Cafés Siboney e Hijos de Rivera**, pola súa colaboración e apoio, fundamentais para o desenvolvemento destas iniciativas.

Patrocinado por:

*SanBrandán*  
LO BUENO POR TRADICIÓN



 **CABREIROÁ**

# Agrela Solidaria

Desde a Asociación de Empresarios de Agrela, entendemos que o noso labor vai máis aló da xestión empresarial e o desenvolvemento industrial. Cremos firmemente no poder da comunidade e na responsabilidade que temos como motor económico para xerar un impacto positivo na nosa contorna. A través de "Agrela Solidaria", canalizamos o noso apoio a diversas causas sociais, colaborando con organizacións e empresas asociadas para mellorar a vida de quen máis o necesita.

## Campaña de doazón de sangue

*Como cada ano, Agrela colaborou coa campaña de doazón de sangue de ADOS, onde se achegaron 14 persoas e se lograron 12 doazóns de sangue, unha delas dun doante novo.*

Estas doazóns son fundamentais en Galicia, onde se requiren entre 400 e 500 diarias para atender máis de 160.000 procesos sanitarios. Cada doazón pode aportar glóbulos vermellos para ata 6 cirurxías ou un transplante, e plaquetas para axudar a 2 pacientes con cancro ou leucemia. Os doantes son esenciais para intervencións, urxencias e tratamentos médicos complexos.



Bus de doazón de sangue

## Xmas jumper day (Día do xersei de Nadal)

*Un ano máis, sumámonos con entusiasmo á iniciativa do "Día do Xersei Solidario", organizada pola nosa empresa asociada ALDABA. Este evento logra combinar o espírito festivo do Nadal coa filantropía corporativa dunha maneira sumamente creativa e participativa.*

Por cada empregado/a que acode a traballar cun xersei de Nadal, a empresa realiza unha doazón económica a unha entidade social elixida previamente por votación do propio persoal.

Esta bonita iniciativa naceu grazas ao impulso e a ilusión de David Lozano, integrante do equipo de ALDABA falecido hai uns anos, cuxa enerxía e valores solidarios seguen moi presentes a través desta celebración anual que a empresa mantén na súa honra.

Na última convocatoria, contouse cunha participación de 115 persoas; os fondos recadados destináronse integramente a Acción contra el Hambre para o seu proxecto de axuda humanitaria en Gaza. É un orgullo constatar como esta acción, na que a Asociación de Empresarios de Agrela participa activamente, segue crescendo e contaxiando a outras empresas do portal en Copérnico 5, consolidando unha familia solidaria cada vez máis extensa e comprometida.



Xmas Jumper Day 2025



Xmas Jumper Day 2023

## Banco de Alimentos Rías Altas

*A Asociación mantén un firme compromiso co Parque e coa súa comunidade, colaborando estreitamente co Banco de Alimentos Rías Altas, cuxa sede se atopa situada no noso propio contorno empresarial.*

A Asociación mantén desde hai anos unha estreita colaboración co Banco de Alimentos Rías Altas, unha entidade clave na loita contra o desperdicio alimentario e no apoio ás persoas en situación de vulnerabilidade na nosa contorna.

Esta colaboración materializouse de forma continuada a través de distintas iniciativas solidarias, contribuíndo á recollida e distribución de alimentos destinados a entidades sociais da zona.

O compromiso da Asociación con esta causa reflicte a implicación do tecido empresarial non só co desenvolvemento económico, senón tamén co benestar social, fomentando valores de solidariedade e responsabilidade social corporativa.



Entrega de produtos de Nadal ao Banco de Alimentos Rías Altas cunha partida especial de turrón de chocolate sen lactosa e apto para celíacos




## Fundación Seur

*Agrela colabora coa Fundación SEUR no seu proxecto: "Tapóns para unha nova vida", un proxecto solidario e ambiental que se centra na reciclaxe de tapóns de plástico para axudar a nenos e nenas sen recursos a acceder a tratamentos médicos non cubertos polo sistema sanitario.*

A iniciativa comezou en 2011 cando a familia de Iker, un neno de Bilbao, solicitou axuda á Fundación SEUR para transportar tapóns que financiarían un bipedestador para el.

Desde entón, o proxecto expandiuse a España e Portugal, logrando involucrar a máis de 13 millóns de persoas, incluíndo colexios, ONGs e empresas, que recolleron máis de 3.604 toneladas de tapóns, o que permitiu recadar máis de 817.401 euros para máis de 100 beneficiarios.

Agrela sempre terá un punto de recollida de tapóns nas súas instalacións e as súas portas están abertas para todas as empresas e particulares que queiran colaborar con esta gran causa. Grazas a todos os que participastes; sen o voso apoio, isto non sería posible!



Entrega de tapóns solidarios da empresa Aldaba

# Agrela Recibe

A Asociación de Empresarios posiciónase como punto de encontro e representación da comunidade empresarial de Agrela, consolidándose como unha plataforma de enlace estratéxico que abre as súas portas de forma continua a diversas empresas, entidades públicas e figuras clave da administración.

Neste espazo, as sinerxías entre o sector privado e as institucións axilizan a resolución de retos comúns e a detección de novas oportunidades de negocio. Este intercambio constante de experiencias e sinerxías non só fortalece a cohesión interna do Parque Empresarial, senón que sitúa a Agrela como un contorno dinámico, aberto e esencial para o desenvolvemento socioeconómico da comunidade.



Reunión con representantes da Asociación Monte Martelo



Reunión con representantes do IES Fernando Wirtz

## Visita da xefa de servizo de Industria da Xunta na xornada co CGETI

O Consello Galego de Enxeñeiros Técnicos Industriais (CGETI), en colaboración coa Consellería de Economía e Industria, celebrou na sede de Agrela unha xornada técnica centrada na actualización do Regulamento de Seguridade Contra Incendios en Establecementos Industriais (RSCIEI 2025).

O encontro, enmarcado dentro dunha serie de sesións en polígonos empresariais de Galicia, abordou os principais cambios normativos, o seu impacto na seguridade industrial e a incorporación de novas tecnoloxías, ademais de ofrecer recomendacións prácticas para empresas e profesionais.



Teresa Firvida, xerente de Agrela, Lourdes Fernández, xefa de servizo de Industria na Coruña e Andrés Pedreira, enxeñeiro técnico industrial (CGETI).

## Visita da directora Provincial de Comercio

Reunión coa directora provincial de Comercio do Ministerio de Economía na Coruña, Myriam Pérez Nogueira, na que se abordaron posibles liñas de colaboración orientadas ao apoio á internacionalización das empresas asociadas, a través dos servizos do ICEX e outros instrumentos de apoio público dispoñibles para o tecido empresarial.

Durante o encontro presentouse o marco de actuación da Dirección Provincial de Comercio en materia de promoción exterior, así como as distintas ferramentas de acompañamento, asesoramento e apoio á expansión internacional das empresas.



Myriam Pérez Nogueira, directora provincial de Comercio, e Teresa Firvida, xerente da Asociación


## Visita do conselleiro de Facenda

A Asociación de Empresarios de Agrela recibiu a visita institucional do conselleiro de Facenda, Miguel Corgos, nun encontro que serviu para reforzar os lazos entre a administración autonómica e o tecido empresarial do polígono.

Durante a súa visita, o conselleiro tivo a oportunidade de coñecer de primeira man a actividade que desenvolve a Asociación, así como os principais proxectos e iniciativas orientados a impulsar a competitividade, a innovación e o desenvolvemento sustentable da contorna empresarial de Agrela.

O encontro permitiu tamén intercambiar impresións sobre os retos actuais do sector e a importancia da colaboración público-privada como motor de crecemento económico en Galicia.

Un dos momentos máis significativos da xornada foi a firma de Miguel Corgos no Libro de Honra da Asociación, un xesto simbólico co que se recoñece a súa visita e o seu apoio institucional. Este acto reforza o compromiso compartido de seguir traballando de maneira conxunta en favor do desenvolvemento empresarial.



O conselleiro de Facenda, Miguel Corgos, xunto á xerente de Agrela, Teresa Firvida, durante a firma do Libro de Honra

## Visita do subdelegado do Goberno

O subdelegado do Goberno na Coruña, Julio Abalde, visitou o Parque Empresarial de Agrela e mantivo un encontro coa directiva da Asociación de Empresarios de Agrela.

Durante a reunión abordáronse as principais necesidades, proxectos e retos das empresas do Parque, nun ambiente de proximidade, diálogo e bo entendemento, poñendo en valor o papel estratéxico de Agrela

como un dos principais motores económicos da cidade e a súa elevada ocupación.

A visita permitiu reforzar a comunicación entre a administración e o tecido empresarial, compartindo impresións sobre a situación actual e as oportunidades de futuro do Parque.



Firma do Libro de Honra por parte do subdelegado do Goberno na Coruña, Julio Abalde



Andrea Guiotto (vogal de Agrela), Jorge Gómez (vogal de Agrela), Julio Abalde (subdelegado do Goberno na Coruña), Teresa Firvida (xerente de Agrela) e Joan Vidal (vicepresidente de Agrela)

# Agrela Asiste

A Asociación mantén unha presenza constante en eventos estratéxicos de diversos sectores e do ámbito institucional. Ao participar activamente nestes encontros, a entidade actúa como portavoz dos seus asociados, estreitando lazos con outros axentes e ampliando a súa rede de networking para proxectar os intereses do Parque Empresarial.

Este compromiso coa colaboración externa facilita a detección de novas oportunidades e reforza a competitividade das súas empresas, situando o tecido empresarial da Coruña como un referente dinámico, conectado e en constante evolución



6 de Marzo: Evento Quincemil "Mujeres Referentes"



7 de marzo: Día da muller na Delegación do Goberno



10 de xaneiro: Xubilación de Manuel Bardanca de Componentes Galicia



26 de xaneiro: Reunión anual coa Policía Nacional



10 de marzo: Resonac Woman's Week



8 de abril: Encontros de barrio para a mellora do transporte urbano da Coruña con Inés Rey, alcaldesa da Coruña



21 de maio: Día da Seguridade Privada



22 de maio: XXV Aniversario da edición dixital da Voz de Galicia



19 de setembro: Primer aniversario de Terranosa



23 de setembro: Evento organizado por Albia «Reflexión sobre la vida o la muerte»



10 de xunio: Foro económico español «La Galicia que viene»



24 de xulio: Mesa de seguridade e convivencia do Concello



3 de outubro: Celebración do día da Policía Nacional



9 de outubro: Inauguración de Mazda en Galileo Galilei



9 de outubro: XXVI Edición do Premio Emprnde, AJE



9 de outubro: XXV Aniversario da Opinión A Coruña



7 de novembro: Feira de emprego de Pocomaco



11 de novembro: Desayuno para directivos con Inés Rey



23 de outubro: Inauguración do novo espazo en Marineda City



6 de novembro: Evento sobre o certificado de "Bienestar Laboral"



25 de novembro: Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres en la Diputación



4 de decembro: Xornada Cátedra Emalcsa-UDC-Inawa

# O Nadal en Agrela

Este ano, ao igual que en ocasións anteriores, enviamos a todos os nosos asociados unha participación de Lotería de cinco euros.

O número elixido, que é o 25073, ten un significado especial, xa que coincide coa data de fundación da nosa Asociación.

Ademais, incluímos unha alfombra para o rato co calendario de 2026, lembrando que Agrela é un espazo comercial ao que se pode vir comprar, e un práctico lanyard para o móbil.



# 2025



# 07 Guía de Empresas

Guía de empresas

Deixámosvos unha guía das nosas máis de 300 empresas asociadas, onde podeades ver todos os produtos e servizos que ofrecemos.

## 124 Actividades sanitarias

## 124 Alimentación

Bebidas  
Cárnicas  
Distribución maioristas  
Doces  
Fariñas, pan e bojería  
Froitas e hortalizas  
Mariscos

## 127 Ambulancias

## 127 Artigos de regalo

## 127 Ascensores

## 127 Asesorías

## 127 Asociacións

## 128 Audiovisual

## 128 Auditores

## 128 Augas

## 129 Autocares

## 129 Automóbil

Chapa e pintura

Concesionarios e talleres

Cristalaría e lúas

Mecánica e electricidade

Recambios e accesorios

## 133 Avogados

## 133 Axencias de viaxes

## 133 Banca

## 133 Bricolaxe

## 134 Call center

## 134 Carpintería

Aceiro inoxidable

Aluminio e PVC

Madeira e bricolaxe

## 134 Catering

## 135 Centro comerciais

## 135 Climatización

## 135 Comercializadoras eléctricas

## 135 Comunidade de propietarios

## 135 Construción

## 135 Constructoras e promotoras

## 136 Consultoras

## 136 Cosmética e perfumería

## 137 Cristalaría e vidro

## 137 Deportes

## 138 Deseño gráfico

## 138 Desguaces e chatarrería

## 138 Electricidade

Instalacións

Material eléctrico

## 139 Enxeñerías

## 140 Escolas de baile

## 140 Escolas infantís

## 140 Estanco

## 140 Eventos e espectáculos

## 140 Farmacia e parafarmacia

## 140 Ferraxería

Industrial

## 141 Fontanería e calefacción

## 142 Formación

## 142 Frío industrial

## 142 Gases

## 142 Gasolineiras

## 143 Grúas

## 143 Hoteis

## 143 Illamentos

## 143 Industria e suministros

Industria

Suministros

## 144 Informática

## 145 Inmobiliaria, locais, oficinas e naves

Propietarios

## 146 Laboratorio e Investigación

## 146 Lavado e engrase

## 147 Lavanderías e tinturarias

## 147 Lecer, turismo e cultura

## 147 Limpezas

## 147 Maquinaria e máquinas

## 148 Matadoiro

## 148 Materiais de construción

## 148 Mobles, Electrodomésticos e Fogar

## 149 Motocicletas

## 149 Mudanzas

## 149 Museos

## 149 Naval

## 149 Neumáticos

## 149 Parking

## 150 Parques comerciais

## 150 Persianas

## 150 Pinturas

## 150 Plásticos

## 150 PRL e vixilancia da saúde

## 150 Publicidade e artes gráficas

## 151 Restaurantes e cafeterías

## 152 Seguros

## 152 Servizos

## 153 Servizos medioambientais

Gas Radón

## 153 Servizos técnicos

## 153 Siderometalurxia

## 154 Supermercados

## 154 Tanatorios

## 155 Telecomunicacións

## 155 Téxtil

Confección

Planchado

## 155 Transporte

## 155 Vixilancia e tecnoloxía

## 156 Xardinaría

## 156 Xestores Administrativos

## Actividades sanitarias



## Clínica Segrelles

Actividade sanitaria, reprodución, xinecoloxía, embarazos e partos.

Isaac Peral, Baixo 1. 15008 A Coruña  
981 228 635  
administracion@clinicasegrelles.com  
www.clinicasegrelles.es

## Cárnicas



## Sadepor

Despece, comercialización e distribución de produtos cárnicos e derivados.

Gambrinus, 20-28. 15008 A Coruña  
981 262 021 - sadepor@sadepor.com  
www.sadepor.com



## Armando Silva e Hijos

Distribuidor de alimentación e operador loxístico.  
Gambrinus, 48-50. 15008 A Coruña  
981 274 358 - asilva@silvalogistica.com  
www.silvalogistica.com



## Cash Galicia

Distribución, maiorista.

Galileo Galilei, 13. 15008 A Coruña  
981 168 057 - comasa@cashgalicia.net  
www.cashgalicia.net



## Cuevas Cash

Distribución, hostalería e alimentación.

Isaac Peral, 24. 15008 A Coruña  
981 258 860 - coruna@grupocuevas.com  
www.grupocuevas.com

## Plataforma gallega de distribución

Venda e distribución maiorista de produtos alimentarios.  
Lugar La Moura, 34. 15010 A Coruña  
981 132 801 - plataforma@plataformagallega.com



## GS Nutrición

Asesoramento nutricional, recomposición corporal, nutrición clínica, educación nutricional, nutrición vegana e vexetariana, nutrición deportiva.

Avda. Fisterra, 327 - 2º. 15008 A Coruña  
646 660 743



## Sadepor Avícola (Coren)

Comercialización e distribución de produtos avícolas.

Gutenberg, 23-B. 15008 A Coruña  
981 145 752 - televenta@sadepor.com  
www.sadepor.com



## Beis

Distribución maiorista de hostalería.

Gambrinus, 105. 15008 A Coruña  
981 264 650 - beis@beis.es  
www.beis.es



## Cash Ifa-Gadisa

Alimentación, distribución.

Gutenberg, 36 - 15008 A Coruña  
981 272 801 - atencioncliente@gadisa.es  
www.gadisa.es



## Makro

Autoservizo maiorista para todo tipo de profesionais.

Newton, 14. 15008 A Coruña  
981 147 400 - www.makro.es



## Candy Cash

Doces, froitos secos e aperitivos.

Venda a profesionais e particulares.  
Pasteur, 16-18, B. izq. 15008 A Coruña  
881 820 303 - info@candycash.es  
www.candycash.es

## Alimentación

## Bebidas



## Corporación Hijos de Rivera

Producción, distribución e comercialización de bebidas.

José María Rivera Corral, 6. 15008 A Coruña  
981 901 906 - comunicacion@estrellagalicia.es  
www.corporacionhijosderivera.es

## Distribución maioristas



## Alimentación J. Quintela

Distribución de alimentación.

Gutenberg, 25. 15008 A Coruña  
981 251 798 - administracion@jquintelaalimen.com



## Cafés Siboney

Torrefacción e venda ao por maior de café.

Pasteur, 14. 15008 A Coruña  
981 274 012 - siboney@cafesiboney.com  
www.cafesiboney.com



## Cash Record-Vegalsa

Distribución maiorista de hostalería e alimentación.

Gambrinus, 11. 15008 A Coruña  
981 179 357 - vegalsa@vegalsa.es  
www.cashrecord.com



## Miele Santa Anta

Produtores, envasadores e comercializadores de mel, pole, propóleos e cera.

Río Mao, Parcela 23, Parque Empresarial  
Bóveda. 27340 Lugo  
982 426 435 - administracion@mielesanta.com  
www.mielesanta.com

## Fariñas, pan e bolería



## Ipasa - Sanbrandán

Fabricación e distribución de produtos de panadería. Máis de 30 anos no mercado e máis de 100 de tradición.

Pasteur, 9. 15008 A Coruña  
981 254 100 - ipasa@sanbrandan.com  
www.sanbrandan.com



### Seoane e Hijos

Distribución de produtos de confeitaría, panadería, xadería, pizzería e hostalería. Ermita, 24. 15008 A Coruña  
981 132 369 - seoane@distribucionesseoane.com  
www.distribucionesseoane.com



### Frutas Prado

Maioristas de froitas e verduras. Galileo Galilei, 26. 15008 A Coruña  
981 174 806 - correo@frutasprado.com  
www.frutasprado.com



### Patatas Gómez Vázquez

Produtores de patacas. Comercio maioristas de froitas e verduras. Sementes, abonos, flores e plantas. Lugar la Moura, 19 - 15008 A Coruña  
981 271 577 - patatasgomezvazquez@gmail.com

### Froitas e hortalizas



### Almacenes ROCHA

### Almacenes de frutas Rocha

Maioristas de froita e verdura. Gambrius, 19 baixo. 15008 A Coruña  
981 140 232 - m.rocha@almacenesrocha.com



### Frutas Rilo

Maioristas de froitas e verduras. Galileo Galilei, 40. 15008 A Coruña  
981 132 728 - 698 162 160  
frutasrilo@mundo-r.com



### Patatas Prado

Maioristas de patacas e cebolas. Galileo Galilei, 50. 15008 A Coruña  
981 297 892 - pedidos@patatasprado.com

### Mariscos



### Mariscos del Ortegál

Cetárea, depuradora e cocedero de marisco. Venda ao por maior e ao público. Juan de la Cierva, 20. 15008 A Coruña  
981 171 561 - info@mariscosdelortegal.com  
www.mariscosdelortegal.com



### Almacenes Goal

Maioristas de patacas e verduras. Galileo Galilei, 22. 15008 A Coruña  
981 292 400 - ag@almacenesgoal.com  
www.almacenesgoal.es

### Mercado central de frutas

Froitas e verduras. Ctra. Baños de Arteixo, 14 baixo  
15008 A Coruña  
981 171 294 - mercoruna@hotmail.com

### Ambulancias



### Ambulancias Sasu

Servizo de ambulancias. Gambrius, 85. 15008 A Coruña.  
981 175 035 - programados@ambusalud.com  
www.sasus.es

### Artigos de regalo



### Toy Joy

Almacén erótico, distribución oficial Durex, xoguetería erótica, artigos de despedidas de solteiro. Reunións tuppersex. Ermita 6, baixo. 15008 A Coruña  
981 137 441 - info@toyjoy.es  
www.almacenerotico.com

### Ascensores



### Orona

Instalación e mantemento de ascensores e escaleiras mecánicas. Gutenberg, 40-B. 15008 A Coruña  
981 262 597 - orona.acoruna@orona.es  
www.orona.es



### Otis Mobility

Comercialización, instalación, venda, mantemento e reparación de ascensores, montacargas, plataformas móbiles, escaleiras e salvaescaleiras-accesibilidade. Gutenberg, 42-C. 15008 A Coruña  
648 471 988 - www.otis.com



### Proel Ascensores

Venda, instalación, reforma, mantemento e conservación de aparellos elevadores. Gutenberg, 24. 15008 A Coruña  
981 270 252 - info@proelascensores.com  
www.proelascensores.com

### Asesorías



### F. Galán Asesores

Asesoría fiscal, laboral e contable. Copérnico, 5-1ºB. 15008 A Coruña  
981 266 306 - info@fgalanasesores.es

### Asociacións



### Aclad

Unidade asistencial de drogodependencias. Ermita, 2-A. 15008 A Coruña  
981 243 000 - www.acladcoruna.es



### Asociación de Empresarios de Agrela

Servizo a empresas. Copérnico, 3-1º. 15008 A Coruña  
981 250 937 - asociacion@agrela.com  
www.agrela.com



### Asociación Reto a la Esperanza

Institución benéfico-social. Isaac Peral, 20. 15008 A Coruña  
981 271 708 - acoruna@asociacionreto.com  
www.asociacionreto.com



### Ayuntamiento de A Coruña

Talleres municipais.  
Newton, 22. 15008 A Coruña  
981 184 200 - www.coruna.gal



### Xerencia de Atención Primaria

Talleres municipais.  
Pasteur, 22-2º. 15008 A Coruña  
981 251 454

### Audiovisual



### Banale

Deseño e construción de decorados para TV, cinema e publicidade, espazos efémeros e stands.  
Trav. Gutenberg 1. 15008 A Coruña  
600 506 070 - info@banale.tv  
www.banale.tv



### Miraveo

Axencia de publicidade, producións audiovisuais.  
Madame Curie, 6. 15008 A Coruña  
881 914 413 - info@miraveo.es  
www.miraveo.es



### Quincemil

Cobertura informativa, publicidade e produción de contidos patrocinados audiovisuais.  
Galera, 44, Entreplanta izquirda.  
15003 A Coruña  
881 022 925



### Studio Follow

Axencia de deseño, estudo audiovisual e eventos.  
Gambrinus, 43 A3. 15008 A Coruña  
645 888 210 - info@studiofollow.com  
www.studiofollow.com



### Voz Audiovisual

Produción e servizos audiovisuais.  
Gambrinus, 97. 15008 A Coruña  
981 180 100  
vozaudiovisual@vozaudiovisual.com  
www.vozaudiovisual.es

### Audidores



### Eudita

Servizos de auditoría e verificación de activos, consultoría estratéxica en M&A e valoracións. Soporte legal-mercantil especializado en reestruturacións e procesos concursais.  
Magistrado Manuel Artime, 18,  
1ºDcha 15004 A Coruña  
www.eudita.es/oficinas/la-coruna/

### Augas



### Emalcsa

Empresa municipal de augas da Coruña, S.A  
Xestión de servizos municipais.  
Juan de la Cierva, 1-3. 15008 A Coruña  
981 242 322 - atencioncliente@emalcsa.es  
www.emalcsa.es

### Autocares



### Autocares Antonio Vázquez

Transporte de viaxeiros.  
Avda. Fisterra, 337. 15008 A Coruña  
981 254 145 - info@autocaresvazquez.net  
www.autocaresvazquez.gal



### Autocares J. Pombo

Transporte discrecional e regular, uso especial de pasaxeiros.  
Galileo Galilei, 56. 15008 A Coruña  
981 714 112 - info@autocaresjumbo.com  
www.autocaresjumbo.com



### Autos Rico

Autocares: transporte de viaxeiros.  
Galileo Galilei, 54. 15008 A Coruña  
981 138 262 - info@autosrico.com  
www.autosrico.com

### Automóbil

Chapa e pintura



### Talleres José e hijos

Taller de reparación de automóviles (chapa, pintura e mecánica).  
Prolong. Severo Ochoa, 53. 15008 A Coruña  
981 270 635 - info@talleresjose.net  
www.talleresjose.net

### Concesionarios e talleres



### BYD Pérez Rumbao

Concesionario Oficial BYD Coruña, marca nº1 mundial en coches enchufables.  
Galileo Galilei, 44, 15008 A Coruña  
881 190 749 - byd@perezrumbao.com  
www.bydperezrumbao.com



### Corgal Automóviles Exposición

Concesionario oficial de Kia.  
Talleres propios. Accesorios orixinais Kia.  
Gutenberg, 14. 15008 A Coruña  
981 145 567 - corgal@kia.es  
www.corgalautomoviles.com



### Corgal Ocasión

